

**Francisco
Jorquera**



Para facerlles frente

**Gobernemos nós
a nosa terra !**

Programa



ÍNDICE



I. LIMIAR

O Fracaso do PP

Hai alternativa

II. CONFIANZA NAS CAPACIDADES DE GALIZA.

A NECESIDADE DE SOBERANIA PARA O DESENVOLVEMENTO ECONÓMICO E O BENEFICIO DAS MAIORÍAS SOCIAIS

1. A defensa e o alargamento do autogoberno no camiño da soberanía
2. Un novo sistema de financiamento para Galiza, de plena autonomía e suficiencia, coa xestión integral dos nosos recursos fiscais
3. Un sistema tributario xusto: que pague máis quen máis ten
4. Un sistema financeiro ao servizo do desenvolvemento económico-social de Galiza: a creación da Banca pública galega
5. Unha política orzamentaria que combata desbaldir e privatizar os nosos recursos e estimule o crecemento económico
6. Unha aposta decidida pola economía produtiva e a xestión sustentábel dos nosos recursos
 - 6.1. Unha economía produtiva de base industrial reforzada con coñecemento e innovación
 - 6.2. Por unha política enerxética propia, eficiente e sustentábel
 - 6.3. Unha minaría sustentábel
 - 6.4. Política agraria e desenvolvemento rural
 - 6.5. Pesca e marisqueo
 - 6.6. Comercio
 - 6.7. Turismo
7. Un país ecoloxicamente protexido
 - 7.1. Participación pública e educación ambiental
 - 7.2. Xestión de residuos
 - 7.3. Mellora da calidade atmosférica
 - 7.4. Saneamento integral e xestión da auga
 - 7.5. Protección do noso mar
 - 7.6. Espazos naturais e biodiversidade
8. Un territorio vertebrado: ordenación do territorio, infraestruturas e transporte
 - 8.1. Ordenación Territorial
 - 8.2. Infraestruturas
 - 8.3. Transporte vertebrador e sustentábel

III. O MODELO SOCIAL QUE QUEREMOS: EMPREGO, BENESTAR E SERVIZOS PÚBLICOS

1. Emprego digno e na terra
2. Garantir un sistema avanzado de benestar e protección social
 - 2.1. Sanidade pública, universal e gratuíta
 - 2.2. Ensino público galego de calidade
 - 2.3. Garantir os servizos sociais e a atención á dependencia
3. Políticas feministas e a prol da igualdade
4. Mocidade con futuro na Galiza
5. Asegurar o acceso á vivenda
6. Promoción do deporte

IV. CON PODER PARA DEFENDER O NOSO

1. O compromiso activo coa normalización da nosa lingua e cultura nacionais
2. O compromiso coa nosa cultura
3. A construción dunha administración máis racional e adaptada ás necesidades do país
4. A defensa dunha Europa dos pobos, democrática e social onde Galiza poida ter presenza directa
5. Unha política exterior e de cooperación solidaria e de defensa da paz e dos dereitos humanos

V. RESTAURAR A DEMOCRACIA E AVANZAR NAS LIBERDADES

1. Recuperar a democracia
2. Avance nos dereitos e nas liberdades cidadás



I. LIMIAR

No actual contexto de ofensiva do capitalismo neoliberal, cómpre amosarmos valentía para facer fronte ao saqueo que se presenta como “xestión da crise” e a unha negación -como nunca antes se dera- do dereito a nos gobernarmos por nós mism@s sen inxerencias. Desde o BNG vimos traballando a pé de rúa, a carón das maiorías sociais, mobilizándonos para que se resolvan os seus problemas, contra os recortes e ataques contra dereitos sociais básicos que se desenvolveron desde os gobernos de distinto signo no Estado español ao longo dos últimos tres anos e a que tamén o actual goberno galego está a lle pór o ramo. Mais tamén, vimos propoñendo alternativas, medidas que son posíbeis e para as que só fai falta ter vontade política. Apostamos por medidas que garantan unha saída desta agónica situación económica e social a quen sofre as consecuencias e as desigualdades inherentes ao capitalismo especulativo, que permitan a galegos e galegas viviren e traballaren na nosa terra e teren unhas condicións dignas de vida.

Para isto cómpre adoptarmos medidas para avanzarmos na soberanía, para termos capacidade de decisión desde Galiza. Porque, tendo máis poder tamén poderemos dotar de máis peso os sectores produtivos na economía galega, desde unha perspectiva autocentrada. Asemade, decidiremos, desde Galiza e para @s galeg@s, que os poderes públicos teñan un papel decisorio na economía e que a cidadanía teña control sobre eles, a través de medidas que afonden na democratización. Virá todo unido: soberanía, traballo e democracia, pois non se pode acadar desenvolvemento económico, benestar e dignidade individual e colectiva cunhas institucións autonómicas que son insuficientes para conseguiren eses obxectivos e cun Goberno en Galiza que constantemente olla de esguello para Madrid e non para os intereses do pobo galego. É preciso enfrontarmos esta situación desfavorábel con apostas decididas, con medidas claras e cunha vontade política irrenunciábel en torno a estes tres eixos. Este é o espírito que ten o BNG e que se reflicte neste programa electoral.

O Fracaso do PP

Máis de 275.000 persoas desempregadas na Galiza, a maioría delas sen ningunha cobertura. Máis de 20.000 traballador@s afectad@s por un ERE. Máis de 600.000 galeg@s por debaixo do limiar da pobreza, dos cales 100.000 se atopan en situación de pobreza extrema. Máis de 3.000 explotacións agrarias e gandeiras pechadas. Máis de 250 embarcacións despezadas. Máis de 5.000 pequenas e medianas empresas liquidadas. Máis de 60.000 moz@s emigrad@s, moit@s con titulación superior. Recortes, privatización e desmantelamento dos servizos públicos básicos traducidos en menos profesorado e máis alumnado por aula, menos profesionais sanitarios e máis pacientes en listaxe de espera e máis de 25.000 dependentes a agardaren recibir a prestación a que teñen dereito. Drástica redución dos programas destinados a accións para a igualdade, promoción e protección das mulleres. Esta é a Galiza de 2012 despois de catro anos de goberno do Partido Popular.

Prezos, tarifas e impostos máis altos. Salarios, pensións e prestacións máis baixas. Austeridade que se ensaña c@s empregad@s públicos entanto se triplica a débeda pública. Non hai políticas para combater a crise: nin política industrial, nin de I+D+i, nin comercial, nin agrogandeira, pesqueira ou forestal. A única estratexia de Núñez Feijoo é procurar que a factura da crise a pague a clase traballadora, as clases medias, as mulleres, a xente nova, @s pensionistas mentres asegura o negocio das grandes empresas próximas ao PP privatizando servizos e infraestruturas públicas e desprotexendo o noso territorio. Esta é a Galiza de 2012, despois de catro anos de goberno do Partido Popular.

Submisión ás directrices de Madrid e Bruxelas. Os intereses do Partido Popular e do Goberno español por riba dos de Galiza. Un goberno que asina un sistema de financiamento discriminatorio e insuficiente. Un goberno que apoia os recortes e o déficit cero imposto por Rajoy. Un goberno que consente a liqui-



dación das nosas caixas e protexe os seus directivos ao tempo que abandona as persoas afectadas pola fraude das preferentes. Un goberno que sacrifica no altar do control do déficit (maquillado con artificios contábeis) dereitos e conquistas sociais logradas tras décadas de loita. Un goberno que ataca a nosa lingua e cultura propias e desprotexe o noso patrimonio, que renuncia a exercer – xa non falemos de alargar – o autogoberno e alenta a ofensiva recentralizadora do Goberno español. Esta é a Galiza de 2012, despois de catro anos de goberno do Partido Popular.

Uso de recursos públicos para alimentar a rede caciquil do PP. Retorno ao enchufismo no acceso ao emprego público e ao reparto clientelar de axudas e subvencións. Reforzo das deputacións mentres se baleira de contido a autonomía municipal. Amparo goberamental do transfuguismo e da compra de concelleir@s. Manipulación e listaxes negras nos medios públicos de comunicación. Reparto partidario das axudas aos medios de comunicación privados en detrimento da pluralidade social e política e da presenza do galego. Abandono das políticas de corresponsabilidade e conciliación entanto se financian con cartos públicos asociacións integristas que negan o dereito a decidiren das mulleres co fin de as devolver aos seus roles tradicionais. Isto acontece na Galiza de 2012, despois de catro anos de goberno do Partido Popular.

Menos democracia, menos autogoberno e menos benestar. O PP fracasou en Galiza. O de Núñez Feijoo é, sen dúbida, o peor goberno da nosa andaina autonómica. Un goberno fracasado e incapaz: incapaz de combater a crise, incapaz de protexer o país, incapaz de defender a nosa identidade e os nosos intereses. Galiza merece algo mellor.

Hai alternativa

O fracaso do PP na Galiza reflicte a quebra global dun modelo feito á medida do capital financeiro. A desprotección das persoas traballadoras, as desigualdades, o retroceso democrático, a desregulación dos mercados e a privatización de bens e servizos esenciais están na orixe da grave crise política, económica e social que padecemos, concretada, no noso caso, na crise do modelo político español da transición, na crise do proceso de construción europea e na do modelo económico e social, neoliberal, en que un e outro asentán.

No BNG somos conscientes de que unha alternativa real ás medidas antipopulares e antigalegas que padecemos pasa non só por unha mudanza de goberno, senón tamén de políticas. Cómpre defendermos unha orientación diferente á dominante no Estado español e na UE, asentada no recoñecemento da existencia de distintas nacións, con vontade política de seu, con institucións democráticas ao servizo das maiorías sociais. É preciso, nestes momentos, apostarmos por recusar o Memorando asinado o pasado 20 de xullo polo goberno español e que, en troca de salvar a banca privada, impón gravísimas restricións ao gasto social e ao investimento produtivo condenándonos a unha recesión máis longa e máis profunda. Neste contexto, só unha alternativa nacionalista, defensora da soberanía, da capacidade de decidir dos pobos, en concreto do galego, pode conducirnos a estas mudanzas, a un cambio radical, tanto das institucións públicas como da economía, para serviren as maiorías sociais.

Fronte á política recentralizadora imposta polo Goberno central, o Goberno galego non se pode limitar á aceptación resignada das restricións, dos axustes e dos recortes do gasto social impostos por Madrid e Bruxelas. Ten que actuar como freo e dique destas políticas antisociais e recentralizadoras, deseñando e aplicando, desde as institucións galegas, mais tamén a través da presión social e política, usando todos os medios ao seu alcance, unha estratexia galega para saír da crise, impulsando o desenvolvemento económico a partir das capacidades e recursos con que conta Galiza. A consciencia das limitacións do marco estatutario actual e das restricións adicionais que comporta esta deriva centralizadora do goberno español non poden ser excusas para a inacción. Todo o contrario: deben ser incentivos para conquistarmos un novo estatus e novos espazos de decisión para o noso país, ferramentas indispensábeis para



crear emprego e construír benestar. A actual conxuntura política no Estado, con procesos de ascenso favorábeis á soberanía tanto en Cataluña como en Euskadi, urxen a necesidade de que unha forza política como o BNG conte con máis forza institucional e social, pois é a única interesada e capaz de nos colocar no mapa político do Estado cunha perspectiva propia de Galiza e dos seus intereses, en procesos de mudanza favorábeis á conquista de dereitos para as nacións que o integran.

Hai alternativa. E esta alternativa, a representada polo BNG, é necesaria e viábel. Velaquí os tres eixos fundamentais que constrúen esta alternativa: soberanía, traballo e democracia:

1. Exercermos e alargar o noso autogoberno para conquistar a soberanía, a capacidade de decisión que nos permita construír unha Galiza máis libre e máis xusta, definindo as políticas máis adecuadas ás nosas necesidades e defendendo directamente os nosos intereses en calquera instancia en que estes se poidan ver en causa. Ademais, a capacidade de decisión é fundamental para enfrontarmos a política económica antisocial e antigalega que destrúe os nosos sectores produtivos e impide desenvolvernos, provocando paro, envellecemento da poboación e emigración. Só acreditando na propia capacidade e exercendo a política en función dos intereses do pobo galego poderase ...
2. Crear emprego e combater a precariedade defendendo os dereitos d@s traballador@s, reforzando o papel da iniciativa pública e promovendo políticas que visen o desenvolvemento de sectores estratéxicos en que Galiza conta con vantaxes comparativas –a produción de enerxía, a produción de alimentos de calidade, a construción naval, a industria do automóbil ou o téxtil, entre outros– alén de favorecer a aparición de novas actividades e sectores capaces de constituíren a base do crecemento futuro. Instrumentos como a banca pública, un sistema de financiamento para Galiza que asegure a través dunha fórmula de concerto entre Galiza e o Estado a autonomía financeira real, ou unha reforma fiscal progresiva serán os garantes dos recursos que esta estratexia de desenvolvemento precisa.
3. Protexer a democracia para asegurar que a acción dos poderes públicos responde aos intereses do pobo e protexer dereitos que custou décadas conquistar e que, coa escusa da crise, a dereita española e europea pretenden liquidar. E afondar na democracia introducindo instrumentos de participación e control cidadán directo e garantindo, co establecemento dunha circunscrición única e dun sistema electoral proporcional, pois o voto de tod@s @s galeg@s vale o mesmo e que o Parlamento representa á cidadanía real, diversa e plural, de Galiza.

Non vai ser doado. Haberá que definir prioridades, que acometer esforzos e decisións difíciles. Haberá que enfrontar a oposición dun goberno español que quere que Galiza manteña un papel submisivo e subalterno. Haberá que cuestionar os dogmas neoliberais do déficit cero, da privatización dos servizos públicos e da degradación dos dereitos sociais. Haberá, en definitiva, que desenvolver unha acción de goberno diferente, guiada polos intereses das maiorías sociais e comprometida coa defensa de Galiza, da súa identidade e do seu dereito a decidir, democraticamente, o seu futuro. Velaquí un programa de goberno para exercermos desde as institucións, mais tamén desde a rúa, unhas e outra en sintonía permanente porque só así o cambio que pretendemos será posíbel e duradeiro.

Non vai ser doado. Mais nós confiamos no noso pobo. Confiamos na capacidade deste país para construír unha vida mellor para todas as persoas.



II. CONFIANZA NAS CAPACIDADES DE GALIZA. A NECESIDADE DE SOBERANÍA PARA O DESENVOLVEMENTO ECONÓMICO E O BENEFICIO DAS MAIORÍAS SOCIAIS

Galiza ten recursos, riqueza e capacidade. O que acontece é que están mal repartidos, sonnos espoliados ou son xestionados en función doutros intereses. É preciso podermos exercer a soberanía, a través do recoñecemento da capacidade de Galiza para decidir amplamente sobre os seus asuntos, para impulsar un modelo de desenvolvemento económico a prol das maiorías sociais. Cómpre xestionarmos os nosos recursos, a comezar polos fiscais. Así, ante o esgotamento do actual sistema de financiamento, cómpre impulsarmos un novo modelo, avanzando na xestión dos nosos recursos fiscais dotándonos dunha Axencia Tributaria galega. Na fiscalidade, avanzaremos nunha maior progresividade e xustiza fiscal. A profunda crise económica que estamos a vivir é unha oportunidade para redefinir o noso modelo produtivo e o tipo de especializacións predominantes na dirección dunha economía baseada no coñecemento, máis produtiva e sustentábel. É necesaria unha sólida base industrial sobre a que asente a nosa economía. Fronte á inacción do Goberno de Feijoo, o BNG terá como prioridade desenvolver todas as capacidades produtivas de Galiza, naqueles ámbitos onde contamos con vantaxes comparativas e tecido industrial maduro ou con grandes potencialidades, a comezar por desenvolver as capacidades dos sectores como o naval, o agro e a pesca, que teñen limitadas as súas capacidades por mor de decisións alleas. Unha Galiza ecoloxicamente sustentábel é tamén unha oportunidade para a xeración de riqueza e desenvolvemento, polo que apostaremos pola xeración de enerxías renovábeis, nomeadamente a eólica. É tamén prioritario impulsarmos instrumentos financeiros públicos que garantan a orientación do noso aforro para proporcionar crédito aos sectores produtivos. Así, a aposta pola creación dunha banca pública será un eixo central da nosa acción de goberno.

1. A defensa e o alargamento do autogoberno no camiño da soberanía

Baixo a dirección dos grandes poderes financeiros e económicos, a dereita española quere aproveitar a crise para impor unha concentración aínda maior do poder económico e financeiro, tanto en termos de clase como en termos nacionais. A viabilidade desa maior concentración económica esixe tamén unha maior concentración do poder político en detrimento da democracia e da capacidade de decisión de Galiza. Nese contexto é onde se insire a ofensiva recentralizadora do PP e dos seus medios afíns que aspiran mesmo a revisar, en clave autoritaria, o actual modelo de Estado co fin de restrinxir, máis aínda, a limitada autonomía recoñecida pola Constitución actual.

As alusións infundadas ao desbaldimento que supón a actual descentralización do Estado español, agochando á mantenta que a porcentaxe de débeda pública das CCAA é inferior á porcentaxe de gasto que lles corresponde xestionar, forman parte desa estratexia que necesita para o seu éxito a consolidación dunha férrea e xerarquizante estrutura de poder político, que afaste os centros de decisión da cidadanía.

Fronte ao proxecto antisocial, antidemocrático e antigalego do PP o BNG traballa a prol dunha Galiza capaz de se gobernar a si propia. Máis soberanía é igual a máis capacidade para resolvermos nós os nosos problemas. Máis autogoberno é igual a máis democracia e máis benestar. @s galeg@s temos dereito a institucións democráticas fortes, capaces de gobernaren o país sen necesidade de pedir permiso. Xa sufrimos durante tempo de máis as incoherencias do modelo actual, as discriminacións para Galiza que del resultan, e non podemos seguir agardando para avanzarmos no camiño do pleno autogoberno.

O exercicio da soberanía, mesmo para convivir nun Estado confederal, esixe outro marco constitucional que recoñeza a capacidade de Galiza para decidir amplamente desde as institucións do país nas



cuestións que nos competen. O BNG defenderá desde o Goberno galego todas as mudanzas que avanzaren no camiño do recoñecemento do carácter plurinacional do Estado, da igualdade de todas as nacións que o compoñen e comezaremos polos seguintes aspectos:

- O recoñecemento do dereito de autodeterminación de Galiza, consonte a súa condición de nación, que leve aparelado o exercicio libre e soberano de poder para atinxir os seus obxectivos de desenvolvemento económico sustentábel, benestar social e florecemento cultural nun modelo de articulación axeitado dos seus dereitos e intereses, con criterios democráticos de liberdade, paridade e reciprocidade.
- Unha nova actitude fronte á diversidade cultural e lingüística, que se plasme na obriga de asumiren a diversidade lingüística todas as institucións.
- A estruturación competencial que faga politicamente efectivo o recoñecemento da plurinacionalidade do Estado, cunha regulación asimétrica que permita diferenciar o nivel competencial e de autogoberno das nacións como a galega.
- A adecuación dos modelos de financiamento público ás necesidades que temos de gobernar en función da nosa realidade nacional, e que nos permita recadarmos e facer uso pleno dos nosos recursos económicos.
- A fonda revisión do Senado, co obxectivo de o converter nunha verdadeira cámara de representación das nacións que compoñen o Estado, partindo da designación dos seus membros polas nacións e rexións a través dos seus parlamentos, da ampliación das competencias lexislativas e da atribución da capacidade de veto nos casos en que unha decisión afecta de xeito relevante aos intereses dun concreto territorio.
- A adaptación do Tribunal Constitucional ao carácter composto do Estado, regulando un novo procedemento de nomeamento de maxistrad@s que mude radicalmente a designación unilateral desde poderes centrais do Estado, equiparando a posición do Goberno central cos restantes gobernos á hora de impugnar e suspender a vixencia de normas impugnadas, e reforzando a solución arbitral a través de órganos políticos dos conflitos competencias.
- A presenza directa de Galiza na Unión Europea e no ámbito internacional acorde co recoñecemento xurídico-político das nacións que integran o Estado español.
- A eliminación das provincias como institución garantida na Constitución, e da súa referencia como circunscrición electoral.
- A adecuación do poder xudicial ao esquema de descentralización política e administrativa, que inclúa un poder xudicial propio para Galiza.

2. Un novo sistema de financiamento para Galiza, de plena autonomía e suficiencia, coa xestión integral dos nosos recursos fiscais

O vixente modelo de financiamento das comunidades autónomas, reformado a finais do 2009 mantendo as constantes básicas cuxo consenso asentou o bipartidismo estatal, continúa a persistir na idea dun Estado central que exerce un férreo control sobre os ingresos recadados e sobre os impostos que pagan @s galeg@s, para logo distribuílos, non en función da capacidade ou das necesidades obxectivas, senón con base en criterios políticos que sempre discriminaron Galiza. Os diferentes modelos de financiamento até o vixente non son máis que o reflexo da ideoloxía dominante que proclama a existencia dunha única soberanía que descansa na nación única recoñecida, a española, e nega de maneira radical as outras existentes, entre elas a galega.

Galiza ten a responsabilidade de subministrar servizos básicos para a cidadanía, como a sanidade ou a educación. Porén, non pode deseñar un marco fiscal acaído para estas tarefas. Galiza ten sectores básicos que precisan apoio e estímulo públicos para mellorar a súa potencialidade, como se fai en todos os estados avanzados do mundo, mais tamén lle está condicionado poder axudar de maneira acaída proxectos empresariais que completen e integren o seu tecido produtivo, porque o diñeiro público necesario non se transfire a Galiza, senón que se retén en Madrid, malia a súa procedencia vir de impostos xerados no noso país.



Así, Galiza continúa sen exercer a soberanía fiscal, a pesar de que, fronte á idea de dependencia, ten capacidade propia, xera os recursos suficientes para financiar os seus servizos públicos e apoiar os sectores produtivos. @s galeg@s estamos a contribuír con máis diñeiro en impostos ao Estado do que o Goberno central logo transfire para o noso financiamento.

Por iso, Galiza non precisa continuar alimentando a falsa imaxe de ser deficitaria, inviábel por si mesma. Galiza non pode contentarse cunha porcentaxe de algún dos impostos cedidos desde o Estado, que xunto cunhas determinadas transferencias achegan uns recursos totais que cada vez supoñen unha perda do seu peso relativo dentro do conxunto das CCAA que compoñen o chamado réxime común de financiamento. No ano 2009, PSOE e PP consentiron que Galiza descendese aínda máis chanzos respecto doutros territorios do Estado, e pasase de obter unha participación do 7,8 por 100 sobre o total establecido en 1999, a ficar nun 6,7 por 100 dez anos despois. Este modelo non se axusta nin á capacidade real de Galiza nin ás súas necesidades e, ao mesmo tempo, vainos situando cada vez máis nunha peor posición, o que provoca unha diverxencia real, no canto da converxencia de que se presume teoricamente, na cantidade e calidade dos servizos públicos accesíbeis a galegos e galegas en relación con eses territorios do réxime común.

O BNG quere a plena soberanía fiscal de Galiza, agora que mesmo o Estado está disposto a cedela á Unión Europea, ao Banco Central Europeo ou ao Fondo Monetario Internacional. O férreo control centralista sobre os impostos está a piques de ser dobregado por un fracaso estrepitoso, pois baixo ese modelo provocouse a creba que agora está a obrigar a pedir auxilio financeiro foráneo. Mais de novo nunha dirección errada, como é entregar parcelas de soberanía a institucións dominadas polo capitalismo financeiro, controladas pola ideoloxía que causou a actual crise económica. Son tempos chegados para superarmos a limitada autonomía política que ten Galiza, que nos limita un desenvolvemento económico autocentrado e agudiza en maior medida a procura de solucións orientadas á reactivación económica a prol das maiorías sociais. Por iso, agora máis que nunca, a recuperación económica non vai a vir da man da aplicación e da xestión de políticas deseñadas en centros de decisión afastados de Galiza, senón da reivindicación dun autogoberno real que implique asumir as responsabilidades á hora de manexar e xestionar os nosos recursos económicos.

A esperanza de Galiza para loitar contra a crise está na capacidade de decidir que implica o exercicio da soberanía, por asumirmos que somos unha nación chamada a que as súas institucións democráticas poidan dirixir e decidir en todos os eidos: económico, social, político e cultural.

Galiza precisa dun outro sistema de financiamento, que supoña unha mudanza respecto dos distintos modelos xurdidos dos acordos adoptados até o de agora. Apostamos por un sistema alicerzado na plena soberanía fiscal, isto é, na consecución dun sistema fiscal propio, que nos permita tanto regular con criterios progresivos a carga fiscal, como a recadación e a xestión sobre estes, contando cunha Axencia Tributaria galega.

O BNG, consonte eses principios, propondrá un novo acordo de financiamento galego, que responda a unha concepción racional do Estado español, baseada na unión real en interese de tod@s, na transparencia, na autorresponsabilidade e na crenza nas propias capacidades do país. Este novo acordo de financiamento ha perseguir os seguintes obxectivos:

- Atinxir a plena capacidade de decisión sobre todos os tributos soportados en Galiza.
- Poder dispor dos recursos económicos que como nación se xeraren en Galiza para atender as políticas sociais e de desenvolvemento económico autocentrado sustentábel.
- Asegurar a lealdade institucional para evitar a posición dominante, a arbitrariedade ou os incumprimentos do Estado para con Galiza no que atinxe ás súas necesidades de financiamento.

Para iso, as bases sobre as que se asentará o novo modelo de financiamento serán:

- Un carácter asimétrico que diferencie as necesidades de financiamento propias da nosa nación das doutras comunidades sen definición nacional.



- A atribución a Galiza da plena capacidade normativa e da responsabilidade fiscal sobre todos os impostos soportados en Galiza, asegurando a consecución efectiva do principio de progresividade fiscal no sistema impositivo. A concreción disto suporá:
 - Unha territorialización completa dos tributos do sistema fiscal soportados en Galiza, con capacidade normativa plena para os adaptar ás necesidades de Galiza e para dotar o goberno galego dun elemento esencial de autogoberno, a política fiscal.
 - Un cambio normativo que propicie a efectiva tributación en Galiza de todas as manifestacións de capacidade económica xeradas por actividades desenvolvidas no noso país.
 - A creación dunha Axencia Tributaria galega, que terá capacidade para:
 - A organización e o exercicio de todas as funcións propias da xestión tributaria (exacción, xestión, recadación, revisión, sanción e inspección), como única administración responsable, de todos os tributos soportados en Galiza.
 - A colaboración e cooperación con outras administracións locais, estatais e comunitarias, especialmente na loita contra a fraude fiscal.
 - A transferencia dos recursos necesarios ao Estado polos servizos efectivamente prestados na Galiza.
 - A transferencia aos concellos galegos dos recursos necesarios polas competencias e servizos que desenvolveren, con base nun modelo propio de financiamento local.
- A asunción plena desde Galiza do financiamento local, fixando as transferencias necesarias para os concellos atenderen as súas competencias e servizos locais con criterios propios que permitan unha adaptación ás características do territorio e da organización local galega.
- O establecemento dunha achega desde Galiza ao Estado en concepto do custo das competencias e dos servizos comúns prestados que afectaren a Galiza, que será fixada con carácter plurianual e será revisábel en función de criterios e parámetros obxectivos. Desta achega serán descontados, no seu caso, os beneficios fiscais que o Estado conceder a confesións relixiosas en virtude de acordos internacionais que tiveren aplicación en Galiza.
- A creación dun mecanismo de redistribución interterritorial vinculado á renda relativa, que sirva de elemento verdadeiro para a redución das actuais diferenzas nos niveis de servizos e infraestruturas e que contribúa a unha verdadeira converxencia nos niveis de renda entre os diversos territorios do Estado.

3. Un sistema tributario xusto: que pague máis quen máis ten

Ao longo das últimas décadas, mesmo en períodos de crecemento económico, houbo un forte incremento das desigualdades na distribución da renda, que non só aumentaron ao analizar as rendas antes de impostos senón que tamén creceron igualmente despois de impostos, o que significa que o sistema impositivo en vigor non contribúe a corrixir as desigualdades económicas e, por tanto, non cumpre a función de redistribución da riqueza.

Galiza partilla un sistema fiscal estatal inxusto, cun reparto moi desigual da carga tributaria, onde a contribución impositiva recae sobre os impostos indirectos ao consumo e ás rendas do traballo, fronte ás de capital, e nun escenario onde estas últimas teñen un peso cada vez maior no PIB. Mesmo as reformas impositivas aplicadas durante este período de crise económica incidiron en acentuar a imposición indirecta. Dese xeito, o resultado é un sistema fiscal cun baixo nivel de presión fiscal sobre determinadas rendas e un reparto pouco equitativo da carga fiscal, o que impide o desenvolvemento dun sistema de benestar e dos recursos necesarios para poder adoptar medidas de estímulo na economía dirixida a un crecemento sustentábel a longo prazo.

As recentes reformas agravaron aínda máis as gravames sobre os impostos indirectos, e mesmo unha nula actuación contra a fraude fiscal.

No actual contexto de crise e fortes restricións nos ingresos públicos, é totalmente prioritario acometer unha reforma fiscal co obxectivo de:



- Garantir e incrementar a capacidade recadadora do sistema tributario, de xeito que se obteñan os recursos económicos, conseguindo loxicamente máis de quen máis ten, para cubrir un forte sistema de benestar que asegure o acceso de toda a poboación ás prestacións sociais e servizos públicos de calidade, o que, para alén de proporcionar unha maior calidade de vida, sen dúbida contribuirá a xerar novas oportunidades de emprego vinculadas á prestación destes servizos.
- Incrementar a xustiza do sistema fiscal, impulsando a función de redistribución da renda e riqueza e como instrumento activo na corrección das desigualdades sociais.

Galiza, en tanto non se mude o actual sistema de financiamento por un sistema baseado na responsabilidade fiscal plena como se propón neste programa electoral, recibe unha parte dos seus ingresos públicos a través da participación na recadación de tributos estatais. Xa que logo, mentres ese deseño fiscal do Estado español teña incidencia nos recursos cos que conta Galiza, o BNG desde o Goberno galego promoverá tamén unha profunda remodelación do sistema fiscal estatal, consonte os seguintes criterios:

- Estabelecer novos tramos na tarifa xeral do IRPF para as rendas superiores, a mellora na progresividade na tributación do aforro, e a supresión do réxime especial favorábel para os “impatriados” no Imposto sobre a Renda das Persoas non Residentes, do que se benefician deportistas estranxeir@s.
- Derrogar as subidas dos tipos impositivos no IVE, rebaixándoos aos niveis anteriores, e dun xeito específico adoptar unha tributación ao tipo superreducido do 4% de todos os bens e prestacións de servizos ligados á cadea alimentaria que aínda tributan a outros tipos superiores.
- Modificar a lexislación das Institucións de Investimento Colectivo, para as sociedades de investimento de capital variábel (SICAV) tributaren aos tipos impositivos análogos aos fixados no imposto sobre a renda e sociedades.
- Fixar un gravame adicional no Imposto sobre Sociedades para as bases impoñíbeis que superaren os 100 millóns de euros, isto é, empresas que teñan grandes beneficios.
- Estabelecer unha taxa específica sobre os grandes beneficios da banca privada, así como un réxime fiscal sobre a actividade financeira que grave as transaccións especulativas.
- Acometer un plan con medidas efectivas de loita contra a fraude e a evasión fiscal, así como en xeral a economía soterrada, dun xeito especial para erradicar a actividade en paraísos fiscais e contra sociedades “pantalla” ou interpostas, así como de mediadores que facilitan a fraude fiscal.

No ámbito galego o BNG avoga por aproveitar ao máximo, en tanto non se reforme en profundidade, as capacidades de Galiza para introducir progresividade nos impostos cedidos de titularidade estatal. Dese xeito:

- Actuaremos sobre os mínimos exentos do imposto de patrimonio e sobre os tipos de gravame do IRPF, para que as rendas superiores a 100.000 euros anuais e os patrimonios superiores a 300.000 euros, excluída a vivenda habitual, acheguen máis ao sostemento dos servizos públicos galegos.
- Impulsaremos a imposición fiscal sobre aqueles feitos que deterioran o medio ambiente, coa finalidade de incentivar o uso de sistemas de produción limpos, así como compensar o custo social de soportar danos ecolóxicos coa internalización deses custos por parte dos axentes contaminantes.

4. Un sistema financeiro ao servizo do desenvolvemento económico-social de Galiza: a creación da Banca pública galega

O PP e PSOE consensuaron os grandes trazos das reformas do sector financeiro no Estado español e, a pesar de os obxectivos declarados seren os de mellorar a solvencia, restaurar o fluxo de crédito e evitar novas sacudidas financeiras, os realmente perseguidos foron a bancarización das caixas, unha maior concentración do sector financeiro, e unha centralización das competencias sobre este, tal e como amosa o resultado final.



Moi ao contrario, non hai entidades máis solventes e o crédito continúa ausente para empresas, persoas emprendedoras e familias. Para alén diso, a inestabilidade é a regra nos mercados financeiros, non se limitou a actividade especulativa da banca, nin sequera se obrigou ás entidades a se someteren a unha maior supervisión e control, e sobre todo, tampouco se produciron efectos positivos que redundasen nunha recuperación da actividade económica ou na creación de emprego.

Nestes momentos o Estado español xa gastou máis de 115 mil millóns de euros a través de diferentes instrumentos, e ademais apalabrou un rescate adicional coa Unión Europea que significará até 100 mil millóns de euros máis destinados ás entidades financeiras, o que implicará que a inmensa maioría da poboación teñamos que soportar as dramáticas consecuencias sociais desa axuda desmedida e sen contrapartidas á banca privada. Polo tanto, a reestruturación financeira no Estado español é un rotundo fracaso, pois non soluciona o presente e hipoteca o futuro.

En Galiza, o balance final desta reforma financeira, implica a desaparición das súas caixas de aforros e a perda de poder financeiro galego. A reforma tivo ao Goberno de Feijoo como colaborador necesario, xa que autorizou directamente a conversión en banco de “Novacaixagalicia”, con coñecemento do seu espolio, cando o Banco de España valorara o seu capital en apenas 181 millóns de euros, que supón apenas o 7 por 100 do capital do NCG Banco.

Con iso liquidaron décadas da historia onde as caixas de aforro tiveron un protagonismo destacado no noso desenvolvemento económico. Para Galiza, segundo as cifras da contabilidade de “Novacaixagalicia” antes da súa conversión en banco, significa deixar fóra do noso control un activo de 75.773 millóns de euros, un patrimonio neto consolidado de 1.715 millóns de euros, a xestión dos aforros de preto de 3 millóns de clientes, na súa maior parte do noso país, e tamén se pon en risco a continuidade da obra social.

As inxeccións de diñeiro público a “Novacaixagalicia” superaron os 3.627 millóns de euros, e terá que incrementarse en máis de 1.000 millóns de euros, achegados agora a “Novagalicia Banco”, coa última reforma aprobada. A pesar desa multimillonaria inxección de fondos públicos, nin se garante a reactivación do crédito ao tecido produtivo, nin se erradicou o pagamento de escandalosas retribucións aos antigos directivos, e mesmo se está a consentir un “corralito” financeiro en toda regra, ao impedir a devolución do investido por pequen@s aforrador@s en “participacións preferentes” e imporlles custearen unha parte do rescate bancario. O máis grave é que se mantén a folia de ruta para consumir o espolio do aforro galego, entregando, quer por un simbólico euro NCG Banco á un grande banco privado por determinar, quer permitindo que accedan ao accionariado, da man de Feijoo, fondos de investimento sen vinculación co país e co único afán de se apropiar dos rendementos xerados co aforro galego. A alternativa a este espolio que propugna o BNG é o impulso a unha banca pública galega, que é unha ferramenta que permitirá avanzar na soberanía financeira de Galiza, ao dotármonos dun instrumento para orientar os nosos aforros e investimentos. A banca pública é un instrumento plenamente vixente, que existe nunha grande variedade de estados (na UE, EEUU, países emerxentes) e desempeña un papel fundamental en favor do seu desenvolvemento e da súa estabilidade económica, e está constado o impacto positivo sobre a economía e os sectores produtivos. Alí onde existir banca pública existe un forte tecido industrial, mentres que son excepcionais os casos onde existe unha forte presenza do sector industrial sen o apoio dunha banca pública.

Esa alternativa a prol da banca pública cada vez ten máis valor, ante os continuos bandazos das sucesivas —e mesmo contraditorias— reformas financeiras do Goberno central, que non achegan unha solución firme para restaurar o fluxo do crédito. Cada vez fica máis clara a necesidade de seguirmos contando cun instrumento financeiro propio, que neste momentos ha de ser unha banca pública galega.



A acción de goberno do BNG para impulsar unha banca pública levarase a termo consonte as diferentes alternativas expostas de seguido:

- Transformación de “Novagalicia Banco” nun banco público dependente das institucións galegas. Para iso, reclamarase do Goberno central:
 - A modificación da normativa aplicábel ao Fondo de Reestruturación Ordenada Bancaria (FROB), para que ao exercicio dos dereitos das accións e participacións que ostenta nesta entidade financeira, ao ser procedente da fusión de caixas de aforro, sexan exercidos polas institucións públicas galegas competentes.
 - Ceder a representación do FROB nos órganos de xestión e administración de NGB, a fin de asumir dun xeito efectivo o control público deste banco desde Galiza.
- Se, como consecuencia da aplicación das última reforma financeira, o Goberno central adiantar a liquidación de NGB, o BNG procederá á constitución dun banco público de nova creación, que arrancaría cunha dotación de capital modesta mais cunha solvencia superior, ao non arrastrar a pexa das débedas e activos danados.
- Dun xeito paralelo, o BNG tamén impulsará outros instrumentos financeiros que complementen a aposta estratéxica por instrumentos financeiros públicos e galegos. Concretamente, abordaremos a creación dun Instituto Galego de Crédito, como unha vía máis áxil para dinamizar o crédito á economía produtiva de inmediato. Será, por tanto, un instrumento complementario dentro da estratexia de configuración dunha banca pública galega.

5. Unha política orzamentaria que combata desbaldir e privatizar os nosos recursos e estimule o crecemento económico

Os continuos recortes orzamentarios foron a única estratéxica económica do Goberno de Núñez Feijoo. Nos seus tres primeiros anos de mandato os orzamentos da Xunta de Galiza sufriron un recorte acumulado de máis de 2.400 millóns de euros, e para o 2013 o seu Goberno xa aprobara novos recortes de máis de 691 millóns sobre o teito de gasto aprobado para este ano.

A mal chamada “política de austeridade” supuxo durante esta lexislatura que mentres se mantiña ou mesmo aumentaba o peso do gasto corrente, o investimento público se reducise nun 46 por 100. Durante o mandato de Feijoo a Xunta deixou de investir máis de 3.000 millóns de euros na economía galega, e nos peores momentos da crise departamentos como a Consellaría de Economía, responsábel do IGAPE, apenas acadou graos de execución do 35 por 100 dos seus orzamentos.

Con esa estratexia económica, agravada pola acción do Goberno central, non é casualidade que o gasto das Administracións Públicas pasase de ser un elemento de crecemento do PIB galego, que achegaba 3,5 puntos positivos no ano 2009, a ser un dos seus principais lastres, cunha contribución negativa de 2,4 puntos no que vai de 2012.

No actual contexto de recesión económica, xa son maioritarias as voces que reclaman o fin desas políticas irracionais de recortes continuados que, lonxe de ofrecer solucións, non fan mais que agravar a actual situación de crise, ao reduciren aínda máis a actividade e aumentar o desemprego.

Por iso, para encarmos a saída da crise é necesario revertermos esta situación, frear a caída dos ingresos da Administración galega e establecer prioridades de gasto que garantan manter e mellorar os servizos públicos, recuperar o investimento público e o impulso á economía real. O Goberno galego debe exercer as súas competencias e adoptar un papel activo no impulso ao desenvolvemento económico do país, para o cal desenvolveremos as seguintes medidas:

- Promoveremos unha política orzamentaria en que se conceda preferencia á aplicación dos recursos cara a obxectivos que revistan unha utilidade social clara, que reforcen directamente a capacidade produtiva e que promovan a diversificación do sistema produtivo.



- Esixiremos a supresión de calquera tipo de condicionalidade macroeconómica para ter acceso aos fondos de financiamento actuais ou que no futuro poida crear o Goberno central.
- Pola banda dos gastos, partiremos dun orzamento en base cero, suprimindo todos os gastos superfluos e innecesarios, e reasignaremos os recursos dispoñíbeis conforme ás novas prioridades, fortalecendo a prestación dos servizos públicos esenciais, as políticas de emprego e o investimento produtivo.
- Excluiremos a colaboración público-privada na construción e na xestión de infraestruturas e equipamentos vinculados a servizos públicos básicos.
- Revisaremos a actual estrutura orgánica do Goberno e dos seus departamentos para facela máis eficiente e máis axeitada ás funcións e ás políticas que debe desenvolver a Administración galega, axustaremos o gasto corrente ás necesidades reais de funcionamento, suprimiremos os gastos innecesarios en publicidade e propaganda, impediremos que se camuflen gastos correntes nas contas correspondentes aos investimentos de carácter inmaterial, e suprimiremos as superdelegacións territoriais creadas polo Goberno de Feijoo.
- Fixaremos obxectivos trimestrais de execución orzamentaria para cada un dos departamentos da Xunta e revisaremos as asignacións dos que incumpran os obxectivos.
- Todos os novos investimentos públicos deberán acompañarse de informes económicos que garantan a súa rendibilidade social.

6. Unha aposta decidida pola economía produtiva e a xestión sustentábel dos nosos recursos

6.1. Unha economía produtiva de base industrial reforzada con coñecemento e innovación

A crise actual pon de manifesto os límites dun modelo produtivo guiado por criterios de investimento virados para o curto prazo, de carácter máis ou menos especulativo, polo que é tamén unha oportunidade para redefinir o noso modelo produtivo e o tipo de especializacións predominantes, na dirección dunha economía baseada no coñecemento, máis produtiva, creadora de emprego e sustentábel. Esta reorientación implica todas as políticas do goberno, e nelas ocupan un lugar central as de I+D e innovación e a política industrial. Todas elas conxuntamente determinan a dinámica económica do noso país.

Tamén neste eido cómpre invertermos a desacougante tendencia imprimida polas políticas do PP nestes anos, en que Galiza viu reducidos por primeira vez os recursos para I+D+i, despediu e expulsou centos de investigador@s e tecnólog@s e perdeu posicións en todos os indicadores relativos á ciencia e tecnoloxía. Fronte ao desleixo do PP, que desmantelou boa parte dos logros dos anos anteriores, o obxectivo do BNG é darlle prioridade ao esforzo innovador como unha panca esencial para a recuperación económica, que permita reforzar a nosa capacidade produtiva, crear emprego –en especial, de calidade– e construír unha economía sólida e competitiva a longo prazo.

O BNG aposta polo reforzamento da economía produtiva, aumentando o contido en coñecemento das actividades produtivas e reforzando a especialización cara ás actividades máis intensivas en coñecemento, mediante a creación dos recursos tecnolóxicos e humanos necesarios: persoas altamente cualificadas, estruturas de investigación e tecnolóxicas acaídas, recursos financeiros e sistema de incentivos, regulación e estratexia de longo prazo etc. Ao tempo, impulsarase unha política industrial activa, que teña como destinatarios os sectores estratéxicos do país, e nomeadamente aqueles que ven limitadas as súas capacidades produtivas por mor de vetos e decisións alleas a Galiza.

A aposta terá sentido estratéxico e centrará os esforzos de I+D e innovación naqueles campos e especializacións que máis directamente contribúen a reforzar as nosas capacidades produtivas, nas que



Galiza pode encontrar un maior potencial de competitividade e excelencia a nivel internacional. Isto é, apostamos por unha política de innovación estratéxica marcada polos criterios da especialización intelixente para evitar unha excesiva dispersión dos recursos que acabe facéndoos ineficaces.

6.1.1. Unha economía con base industrial

Para o BNG, a recuperación económica e do emprego require unha actuación activa desde os poderes públicos dirixida a apoiar os sectores económicos que tradicionalmente serviron de sustento á economía, e que foron obxecto de traumáticas reconversións sen obteren uns resultados satisfactorios após ese proceso, aínda contando coas vantaxes comparativas para iso.

A industria é unha das columnas vertebrais da nosa economía e é un sector indispensable para asegurarmos posuír unha fonte de riqueza e un lugar na economía global. Por tanto, a actividade industrial debe ser planificada, regulada, fomentada e apoiada. O BNG aposta por políticas industriais activas como xeito tanto de lle dar dimensión e impulsar os nosos sectores produtivos, como de impulsar un cambio de modelo produtivo máis intenso en actividades de maior valor acrescentado e coñecemento.

Nada disto aconteceu en Galiza durante o último goberno do PP, xa que desde agosto de 2010 a xuño 2012, Galiza ten unha variación anual negativa do Índice de Produción Industrial e é unha das CCAA do Estado Español con peores resultados. Dentro da estratexia de desenvolvemento dos sectores produtivos do país, o BNG defenderá as seguintes medidas:

- Cumprir a Lei do Sector Naval de Galiza (Lei 4/2010), impulsada por unha Iniciativa Lexislativa Popular, e aprobada por unanimidade no Parlamento Galego, mais nunca desenvolvida polo PP, a pesar de o sector naval ter un carácter estratéxico para Galiza.
- Erradicar as limitacións da produción do sector naval impostas por parte da UE, que impiden que o estaleiro público Navantia-Fene poida construír buques civís e a imposibilidade de realizar contratos mediante a fórmula do "tax lease".
- Reclamar a participación da Xunta de Galiza no Consello de Administración de Navantia.
- Garantir un soporte financeiro necesario ao sector naval en Galiza, que permita acometer novos proxectos e captar pedidos internacionais.
- Apoiar a construción do dique flotante, para que invista nunha infraestrutura que lle permita a Navantia-Ferrolterra continuar a ser competitiva no mercado de reparacións navais de grandes buques, moi especificamente metaneiros.
- Impulso a sectores estratéxicos, como o da aeronáutica e da automoción.

6.1.2. Visión estratéxica da política científica e de innovación

Os sistemas de I+D+i desempeñan un papel chave no desenvolvemento socioeconómico dun territorio e existe unha correlación positiva entre o nivel de renda per cápita dos países e a porcentaxe de gasto en I+D+i sobre o PIB. O seu impacto máis importante verificase a través de vínculos complexos, como a elevación da cualificación do persoal que asimila os resultados da investigación nas aulas universitarias. Por iso, o BNG defende unha forte vinculación entre as actividades de investigación e a docencia de alto nivel como a vía máis certa de transferencia do coñecemento desde o sistema de investigación, en especial o universitario, ao sistema produtivo.

A efectividade desa transferencia require que o sistema produtivo sexa quen de incorporar @s licenciad@s e doutor@s en postos de traballo co perfil apropiado. Por iso, o BNG considera de grande importancia vincular a política de investigación e formación de persoas tituladas coa política de inserción laboral, tanto na empresa como na administración e nos servizos públicos. Conseguir a aplicación práctica da investigación e o coñecemento é o obxectivo da política de innovación do BNG.



Consideramos moi importante a valorización dos resultados da investigación pública a través dos servizos públicos e o establecemento de mecanismos que permitan ás empresas utilizaren directamente resultados da investigación pública coas contrapartidas correspondentes que aseguren un retorno de recursos ao sistema de investigación pública, así como a existencia de relacións de colaboración investigación pública-sector privado. A grande virtude do sistema público de investigación é producir coñecemento libre, público, non privativo nin monopolizado.

O BNG aposta pola coevolución e pola interacción da investigación pública co mundo da empresa, sen sometela ás necesidades inmediatas e aos ditados empresariais. Para iso é preciso posuímos un tecido empresarial cunha maior capacidade tecnolóxica propia, que incorpore técnic@s e licenciad@s nas empresas e cree equipos ou departamentos de enxeñaría ou I+D no seu seo. Tendo en conta os sectores maduros predominantes no noso país e o predominio das PEME, o BNG impulsará, como xa fixo no pasado, políticas centradas na colaboración, co reforzamento da rede de centros tecnolóxicos e o establecemento de redes de colaboración entre as empresas, ou destas con centros e/ou universidades.

Algúns resultados da investigación dan lugar á aparición de novos bens ou servizos, cuxo carácter novidoso pode requirir a posta en marcha dunha nova empresa que os produza e comercialice. Así, o BNG impulsará a creación de empresas baseadas na I+D. O BNG impulsará o incremento do gasto en I+D tanto no sistema público como no privado, prioritariamente reforzando aqueles campos científico-técnicos en que o noso país ten unha forte especialización, experiencia e potencial de aproveitamento; así mesmo, cómpre apostar por campos científicos e tecnolóxicos de futuro, en que exista a posibilidade de abrir novas ventás de actividade. No relativo á I+D con maior grao de aplicabilidade inmediata, a acción governamental liderará o proceso con incrementos no financiamento, nun contexto en que se definan os sectores polos que apostar. Estes deben medrar en torno á creación de tecnoloxía, polo que a acción do BNG apostará por tecnoloxías transversais, que alimenten distintos sectores produtivos para os facer menos dependentes tecnoloxicamente.

Tan importante como a inxección de recursos financeiros é a articulación e organización do sistema de I+D+i, favorecendo a cooperación e a creación de sinerxías entre os axentes que o compoñen. Como cando estivo anteriormente no goberno, o BNG aposta por superar a fragmentación, mediante a cooperación interempresarial (clusters e Plataformas tecnolóxicas) e a externalización das actividades de I+D+i cara a centros tecnolóxicos. Esta orientación será a que guíe a nova arquitectura do sistema galego de innovación, que constituirá o eixo dun novo Plan Galego de I+D+i 2014-2018.

Máis alá da visión estreitamente produtiva, a ciencia constitúe elemento chave da configuración dunha sociedade avanzada. A creación e a difusión será un obxectivo esencial da acción do BNG, xa que contribúen a elevar o nivel científico e cultural da sociedade, polo que serán promovidas todas as ramas da ciencia.

6.1.3. As grandes apostas para fortalecer e dinamizar o sistema galego de innovación

Para facer posíbel a construción e o funcionamento harmónico do Sistema de Innovación Galego, o goberno do BNG desenvolverá os seguintes programas estratéxicos onde se definen os principais obxectivos e actuacións para realizar.

Nova Arquitectura do sistema galego de innovación: Axencia Galega de Innovación e Desenvolvemento Industrial (AGIDI). A creación da AGIDI permitirá a superación dos problemas de coordinación entre os diferentes departamentos con competencias en materias de I+D e innovación e, sobre todo, creará as condicións para unha xestión coordinada das infraestruturas, dos centros e dos recursos dedicados a esas actividades dependentes da Xunta de Galiza. A AGIDI irá acompañada da definición dunha carreira profesional para todo o persoal científico-técnico que desenvolve a súa actividade nos centros de investigación e na prestación de servizos tecnolóxicos.



Programa de Articulación do Sistema de Investigación e Innovación. O BNG impulsará un modelo de transferencia de tecnoloxía que facilite a integración dos coñecementos científicos e a tecnoloxía empresarial. Por tanto, o obxectivo é que a combinación do sistema público de I+D e os centros de investigación e innovación sexan o gran laboratorio de I+D do tecido empresarial galego, para o que levaremos a cabo as seguintes medidas:

- Apoiar a creación e o desenvolvemento de centros de alto nivel e excelencia científica.
- Favorecer as relacións de colaboración na investigación entre os centros de investigación, as universidades, os centros tecnolóxicos e as empresas.
- Completar a oferta de centros tecnolóxicos e de investigación existente en Galiza e fortalecer a recentemente creada rede de centros tecnolóxicos de Galiza.
- Crear novos espazos para actividades de I+D e innovación que completen a oferta galega de servizos avanzados e de solo para a I+D e a creación de empresas de base tecnolóxica, coa rede de incubadoras de empresas e a oferta de espazo en réxime de aluguer na rede de parques científicos e tecnolóxicos.
- Para o axeitado desenvolvemento das funcións dos complexos hospitalarios, o BNG impulsará o traballo en rede, a capacitación dos seus recursos humanos e unha maior relación coas organizacións de soporte da innovación.

Programa de incorporación de investigador@s e tecnólogo@s. A investigación e a innovación son actividades moi intensivas en persoal de alta cualificación, polo que constitúen o elemento chave a nosa estratexia. En Galiza temos máis capacidade para formar investigador@s que para @s incorporarmos ao sistema, particularmente no eido produtivo.

Así, o obxectivo do BNG será crear as condicións para a incorporación de persoal investigador e tecnólogo no sistema de I+D+i, reforzando financeiramente os programas de apoio para esta se producir satisfactoriamente. Impulsarase unha estratexia para absorber mo@s investigador@s dentro do sistema galego de I+D, especialmente nas novas redes e nos centros deseñados para o efecto. Esta estratexia debe ir acompañada dunha mudanza da cultura empresarial, de xeito que as empresas resulten atractivas para o persoal con alta cualificación, en termos de remuneración, condicións de traballo e carreira profesional.

Programa de investigación e innovación empresarial. O BNG levará a termo no Goberno galego programas de impulso aos sectores empresariais partindo das limitacións que supón un tecido empresarial constituído por pequenas empresas en sectores tradicionais e de baixo contido tecnolóxico. Estes programas terán as seguintes orientacións:

- Estarán centrados no apoio á I+D aplicada, isto é, á actividade de investigación desenvolvida fundamentalmente polas empresas xunto co resto dos axentes do sistema.
- Serán programas priorizados, en que o carácter estratéxico dun proxecto, dunha tecnoloxía ou dun problema tecnolóxico determinan o apoio que van recibir, e procurarán a concentración e o impacto do esforzo realizado, o que significa que o obxectivo é financiar actuacións articuladoras, en que conflúan diversos axentes e se prime a calidade.

O sistema universitario de I+D

O BNG impulsará a investigación pública no sistema galego de I+D+i de xeito que poida desenvolver axeitadamente a súa misión básica: a xeración de coñecemento e a súa difusión a través dunha educación superior de calidade. O BNG propiciará un papel activo da investigación universitaria, especialmente nas áreas asociadas aos ámbitos científicos e tecnolóxicos fronteira e máis innovadores, potenciando a súa axilidade e eficacia diante das novas esixencias. Estas actuacións centraranse nos seguintes aspectos:

- Promoción xeral da investigación, que ten como obxecto darlles soporte aos aspectos básicos e xerais da actividade de I+D e da produción científica como elemento esencial no proceso de xeración de novo coñecemento.



- Consolidación e estruturación do sistema Público de I+D, que deberá promover a consolidación e especialización competitiva das unidades de investigación. Para iso prestarase especial atención á consolidación e articulación de servizos de apoio, en particular ás infraestruturas e ás unidades de xestión da innovación.
- Posta en valor das capacidades e resultados da investigación pública.
- Potenciación dos viveiros de empresa de base tecnolóxica ou spin-off, creación de novas empresas a partir de ideas xurdidas das actividades de investigación que levan a cabo os centros públicos. O BNG potenciará este tipo de estruturas baixo tutela ou xestión do goberno autónomo, ao abeiro da Axencia Galega de Innovación e Desenvolvemento Industrial.

6.1.4. A sociedade da información e as TIC

Esta foi unha lexislatura claramente regresiva no que atinxe á Sociedade do Coñecemento en Galiza. A pesar da intensa propaganda realizada desde o departamento de Modernización da Xunta, o Goberno de Feijoo foi unha brigada de demolición das políticas do BNG no seu paso polo goberno: paralizaron o PEGSI; desmantelaron MANCOMUN, precarizaron e privatizaron o traballo da Rede de Dinamización, converteron o proxecto de Axencia de Modernización nun organismo completamente opaco, creado sen o consenso do sector e para promover tecnoloxías obsoletas; rebaixaron as condicións laborais do persoal técnico, agravando a descoordinación dos servizos informáticos da Xunta de Galiza; suspenderon o desenvolvemento de Galinux; paralizaron a migración a estándares e código abertos da Xunta; intensificaron as adjudicacións millonarias de software privativo e reorientaron os plans de infraestruturas TIC a macro-contratos con empresas foráneas Os investimentos realizados no sector TIC en educación (ABALAR) só serviron para desviar fondos públicos a escolas privadas, mentres que os realizados en sanidade non contaron coas empresas galegas e aumentaron a fenda dixital territorial. É necesaria unha viraxe destas políticas. O BNG orientaraas á creación de emprego de calidade para a mocidade máis formada, a acompañar as iniciativas empresariais con capacidade de xeración de riqueza baseada no coñecemento non deslocalizábel, a impulsar a colaboración entre as empresas TIC, apoiando as asociacións e clúster; e a resolver as fendas dixitais que padece a sociedade galega. Así, os obxectivos serán: contar cunhas infraestruturas tecnolóxicas ben dimensionadas, fortalecer o tecido empresarial TIC endóxico, pular por unha administración electrónica eficaz e áxil e garantir a cohesión social dixital. Para acadalos, as actuacións do BNG na Xunta dirixíranse a:

- Reclamar a competencia sobre o espazo radioeléctrico que permita tomar decisións sobre o uso de frecuencias, así como as competencias sobre vixilancia de cumprimento dos servizos de telecomunicacións, reclamando para Galiza a localización da Axencia Estatal de Radiocomunicacións. O desenvolvemento regulatorio deberá incluír a creación dunha Axencia Galega de Telecomunicacións así como dunha operadora publica orientada a resolver os fallos no mercado das operadoras comerciais para garantir o acceso universal de banda larga e TDT ao conxunto do territorio galego, co protagonismo dos operadores galegos e sen que supoña un custo acrecentado para os que teñen maiores dificultades no acceso.
- Crear unha Axencia Galega de Telecomunicacións así como unha operadora publica orientada a resolver os fallos no mercado das operadoras comerciais.
- Elaborar un Plano Estratéxico co horizonte no ano 2020, coa participación dos axentes económicos e sociais e co protagonismo da comunidade tecnolóxica galega, que obteña o necesario consenso para planificar a medio prazo unha implantación das tecnoloxías da información e da comunicación capaz de servir como motor de desenvolvemento económico.
- Reorientar a Axencia de Modernización imbricando a súa actividade no crecemento económico de Galiza.
- Elaborar e impulsar un proxecto de migración de sistemas informáticos dependentes da administración pública a estándares e código aberto recuperando o Centro de Referencia Mancomún.
- Crear un Consorcio Municipal para facilitar e reducir os custos de pór en funcionamento e manter as infraestruturas e os servizos dixitais dos concellos, como o despregamento de banda larga ou a potenciación da Rede de Dinamización.



- Potenciar e pór en valor do dominio “.gal”.
- Avanzar na administración electrónica.

6.2. Por política enerxética propia, eficiente e sustentábel

O BNG promoverá un “pacto galego pola enerxía” que contribúa á normalización do sector enerxético no país, nomeadamente no tocante á promoción das enerxías renovábeis e á consideración de que a enerxía pode ser unha panca eficaz de desenvolvemento sustentábel para o conxunto da economía, apostando pola política enerxética propia, denunciando a fraude tarifaria e impulsando a tarifa galega, e levando a cabo accións para reducir as emisións de CO₂, a dependencia enerxética dos combustíbeis fósiles e o impacto ambiental das infraestruturas para a súa xeración. Para iso o BNG levará a cabo as seguintes actuacións:

- Promover as enerxías renovábeis, con especial atención á eólica, á solar térmica e á fotovoltaica integrada en edificios, para avanzar no obxectivo de cubrir o consumo enerxético de Galiza con fontes de enerxía limpas. Así mesmo, desenvolverase unha normativa que evite que os ríos galegos acollan instalacións de produción hidráulica e de produción eólica no mar. Cómpre tamén planificar unha estratexia para conseguir unha menor dependencia dos combustíbeis fósiles substituíndoos por enerxías limpas e renovábeis.
- Impulsar os proxectos adxudicados ao abeiro do Decreto 149/2008, adaptados á realidade actual, e planificar o aproveitamento enerxético da biomasa a longo prazo a través dos instrumentos correspondentes.
- Elaborar un ambicioso Plan de Aforro e Eficiencia Enerxética de aplicación en todos os sectores, con especial incidencia alí onde as potencialidades de redución foren maiores, como a edificación e o transporte.
- Reclamar do Estado español as competencias administrativas no eido da produción de enerxía para todas as instalacións localizadas en territorio galego con independencia da potencia instalada. Asemade, reclamaremos as competencias administrativas das instalacións que no futuro se puideren desenvolver no mar para aproveitar a enerxía das ondas e das mareas.
- Apoiar a implantación de tecnoloxías que contribúan a incrementar o rendemento das centrais de produción de enerxía convencional así como todas aquelas que permitiren a redución as emisións de CO₂ á atmosfera.
- Desenvolver todas as iniciativas que foren necesarias perante as instancias oportunas para conseguir que a declaración de Galiza como territorio desnuclearizado feita polo Parlamento galego evite de maneira definitiva a implantación en Galiza de centrais nucleares ou depósitos de residuos procedentes destas instalacións.
- Elaborar unha normativa galega que estableza os criterios que rexerán a extensión das redes de distribución e, en particular, o réxime económico dos dereitos de acometidas.
- Demandar do Estado que remate coa fraude tarifaria, esixindo unha tarifa máis baixa para Galiza, como territorio excedentario na produción de enerxía eléctrica.
- Esixir do Goberno do Estado que estableza a regulación das condicións da modalidade de subministro de enerxía eléctrica con balance neto, onde se recolla un sistema de primas para os pequenos produtores de enerxía eléctrica, a posibilidade de agrupación de contadores, a minoración das peaxes, a non limitación da potencia a 100 kW. e a posibilidade de compensar enerxía nun período distinto do momento en que se xerou.
- Derrogar o Real decreto-lei 1/2012, que inclúe a suspensión das primas ás renovábeis, xa que xera inseguranza xurídica no sector.
- Elaborar un informe xurídico sobre as consecuencias da suspensión do Concurso Eólico do Goberno Bipartito.
- Instar a que o Goberno español elabore unha tarifa eléctrica de derradeiro recurso que introduza descontos para as persoas consumidoras en función do uso eficiente da enerxía, da proximidade do lugar de xeración ao de consumo, do momento do día en que se verifique o consumo e da capacidade eco-



nómica real das unidades familiares que realizan o consumo (rendas, número de membros da unidade familiar, opción tecnolóxica etc.).

- Solicitar que o Goberno español elabore unha tarifa eléctrica para usos industriais que impulse a competitividade dos sectores industriais que son intensivos en consumo de enerxía (aluminio, ferroaleacións etc.).
- Promover unha lei de aforro e de eficiencia enerxética como soporte legal a todas as actuacións formuladas polo Plan Enerxético de Galiza.
- Crear por lei do Consello Galego da Enerxía como órgano colexiado de participación, de consulta e de asesoramento da Administración competente na materia de enerxía. Este consello estará integrado por representantes das administracións, das organizacións de consumidor@s doméstic@s e industriais, das empresas dedicadas á xeración, ao transporte, á distribución e á comercialización e das asociacións de defensa da natureza.

6.3. Unha minaría sustentábel

En Galiza hai 214 concellos que teñen algunha actividade mineira; este sector representa entre o 2 e o 3 po 100 do PIB galego e xera máis de 15.000 postos de traballo, o que fai de Galiza a sexta potencia mundial, a segunda europea e líder absoluto do Estado no subsector da transformación do granito, e é tamén a líder mundial na produción de lousa. Este potencial económico será apoiado e impulsado polo BNG desde o goberno galego, con criterios de eficiencia e sustentabilidade social e medioambiental, para o que se promoverán as seguintes medidas:

- Desenvolver plenamente a Lei de minaría de Galiza, nomeadamente no tocante á figura dos concellos mineiros e ás súas cuestións sociais e ambientais. Elaborarase no prazo dun ano o Plano Sectorial de actividades extractivas de Galiza.
- Crear o Instituto Xeolóxico e Mineiro de Galiza, como órgano científico-técnico chamado a desenvolver iniciativas encamiñadas a lograr un mellor coñecemento xeolóxico, xeotécnico, e hidroxeolóxico do país, para impulsar a investigación e a identificación das zonas con maior potencialidade mineira.
- Promover o acceso á información relativa localización e situación das explotacións mineiras mediante a implantación do Catastro Mineiro de Galiza.
- Oporse ao desenvolvemento de actividades mineiras non sustentábeis, cun forte impacto ambiental, en particular rexeitando a tramitación e aprobación do proxecto de mina de ouro ao aire libre en Corcoesto.
- Reclamar do Estado Español as competencias administrativas:
 - No eido das instalacións dedicadas á produción de artificios pirotécnicos.
 - En materia de exploracións, permisos de investigación e concesións de explotación de hidrocarburos no subsolo do mar territorial e fondos mariños das costas galegas .
- Reclamar a territorialización dos fondos destinados polo Estado á:
 - Formación, investigación e mellora da seguranza e saúde no ámbito mineiro.
 - Formación, infraestruturas e proxectos empresariais incluídos no Plan do Carbón 2006-2012. Nesa territorialización deberá considerarse o feito singular do remate da actividade extractiva nas explotacións galegas de lignito pardo.
- Elaborar un plan de mellora da competitividade das explotacións mineiras galegas mediante a implantación dun sistema de axudas que prime o abandono daquelas explotacións mineiras que resultaren inviables ou non sustentábeis.
- Impulsar pactos ambientais que revertan na mellora da integración e na minimización da afección das explotacións mineiras co seu contorno naquelas áreas ou zonas do país de alto valor ambiental.
- Estabelecer un canon galego sobre as actividades extractivas.
- Modificar a normativa galega reguladora das augas minerais, termais, de manancial e de establecementos balnearios para declarar expresamente estas augas de dominio público; definir un sistema de xestión eficiente do recurso dispoñíbel, simplificar os trámites administrativos; configurar o perímetro de



protección como un verdadeiro instrumento de protección da cantidade e calidade destas augas e regular novas figuras coma a talasoterapia.

6.4. Política agraria e desenvolvemento rural

Durante o goberno do Partido Popular produciuse un gran retroceso na situación do medio rural e do sector primario, ao tempo que se produciu un empeoramento das condicións económicas e de vida no rural. A actuación do Goberno Galego caracterizouse pola involución nos avances estruturais que se produciran no pasado, como é o caso da paralización do Banco de Terras e a eliminación dos seus instrumentos de xestión ou das Unidades de Xestión Forestais, a falta de apoio ás políticas produtivas e os permanentes recortes, mesmo naqueles programas que xa contaban con cofinanciamento europeo comprometido.

As consecuencias desta políticas destrutivas tradúcense na crise que durante os tres últimos anos veñen padecendo as explotacións lácteas e que motivou o peche de preto de tres mil. A eliminación dos contratos homologados, a desaparición do Observatorio do Sector Lácteo ou a laminación do funcionamento da Mesa do leite foron medidas que incidiron na indefensión d@s produtor@s fronte aos grandes distribuidores. A isto hai que acrecentar a renuncia da Xunta de Galiza a seguir avanzando na constitución dun grupo lácteo de base cooperativa, opción que desbotaron coa anulación do anterior plan eólico.

A inexistencia dunha aposta clara a prol da posta en valor da superficie agraria útil e da súa mobilización a favor das explotacións que precisan de máis base territorial para mellorar a súa viabilidade e reducir a súa dependencia de insumos externos provocou un grave prexuízo ás explotacións gandeiras.

Produciuse igualmente unha volta ao pasado en materia de política forestal onde o actual Goberno recuperou o modelo impulsado polo fraguismo, baseado na forestación de terras agrarias, na introdución de mecanismos que favorecen a especulación do monte e o aproveitamento dos seus beneficios a mans de grandes capitais multinacionais. Como corolario destas políticas están os recortes sistemáticos de medidas de prevención de incendios.

O obxectivo que guiará a acción do goberno será o de considerar o medio rural un sector estratéxico e chave na recuperación económica, polo que cómpre dimensionalo, baixo criterios de eficiencia e sustentabilidade. Para acadar este obxectivo desenvolveremos as medidas que se expoñen a continuación.

6.4.1. Medidas en relación ao marco europeo e estatal

O BNG impulsará unha actuación decidida para lograr a participación directa do Goberno galego nos foros e nas negociacións europeas que afectaren ao noso agro, co fin de defender un modelo propio de desenvolvemento agrario e rural. Neste sentido, o BNG promoverá nas instancias europeas:

- A configuración dunha política agraria e rural na Unión Europea que corrixa os fortes desequilibrios existentes entre sectores e países, e que, sen renunciar á eficiencia produtiva, poña o acento no respecto ao medio ambiente, a calidade dos alimentos e as funcións sociais e territoriais da actividade agraria.
- A modificación das regras do comercio internacional de produtos agrarios, de tal modo que, fronte ás actuais tendencias liberalizadoras da OMC, se avance cara a un sistema alternativo de relacións comerciais en sintonía co principio de soberanía alimentaria, que responda ás necesidades da poboación e non aos intereses das grandes corporacións transnacionais.

6.4.2. Reforma das estruturas agrarias e reorientación do modelo produtivo

- Actuación decidida a prol do funcionamento efectivo do Banco de Terras orientándoo cara á adxudicación de fincas ás explotacións agrogandeiras.



- Impulso de medidas de ordenación dos usos da terra e da posta en valor das superficies atendendo ás características de cada comarca.
- Modificación en profundidade da política de concentración parcelaria, co obxectivo de transformala nun instrumento efectivo de mellora produtiva das explotacións, a ordenación territorial e a conservación da paisaxe. Aprobación dunha lei de reforma das estruturas agrarias que considere novos modelos de reestruturación como polígonos agrarios ou forestais.
- As axudas aos investimentos nas explotacións adaptaranse aos obxectivos de reorientación do modelo produtivo, fixación de poboación nova e relevo xeracional no sector. Neste sentido, terán prioridade os investimentos dirixidos a favorecer a instalación de agricultor@s; a ampliación da base territorial das explotacións; a reorientación cara a sistemas produtivos sustentábeis e baseados no uso dos recursos propios e a mellora da calidade e salubridade dos alimentos.

6.4.3. Vertebración social e interlocución no sector agrario

- Estabelecemento xeneralizado de contratos homologados que regulen as relacións entre o sector produtor e o transformador, fixando particularmente garantías de prezos mínimos, garantía de cobro e calidade da produción.
- Regulación e posta en marcha de interprofesionais de ámbito galego para os diversos produtos, co fin de introducir transparencia e equilibrio nas relacións entre o sector produtor e as empresas de comercialización e transformación.
- Adopción dun sistema de control e seguimento na formación dos prezos dos produtos alimentares á persoa consumidora que impida as marxes comerciais abusivas nos distintos elos da cadea agroalimentaria.

6.4.4. Apoio ao sector lácteo

- Impulso da ampliación da superficie forraxeira das explotacións e á recría de xovencas.
- Apoio a investimentos e cambios nos sistemas de manexo que faciliten que as explotacións produzan leite sobre a base do correcto aproveitamento da súa superficie forraxeira.
- Axudas ao desenvolvemento de cooperativas de abastecemento.
- Apoio á extensificación dos sistemas produtivos, dándolle prioridade nas axudas aos investimentos que favorezan unha desintensificación da produción e o avance cara a modelos máis respectuosos co medio ambiente e máis eficientes no uso de recursos.
- Redefinición do sistema de cotas que, mantendo a continxentación da produción a nivel da UE, realice unha redistribución dos dereitos de produción entre estados tendo en conta o balanço produción/consumo dos diferentes estados e criterios de carácter social. Así mesmo, demandará que se manteñan mecanismos de intervención públicos financiados con cargo ao orzamento comunitario para suavizar as oscilacións do mercado.

6.4.5. Impulso á transformación e comercialización agrarias

- Aplicar selectivamente as axudas públicas aos investimentos na industria láctea, concentrando o apoio naqueles proxectos que permitan desenvolver liñas novas e produtos de alto valor engadido e liñas novas así como os promovidos por empresas que asinaren acordos interprofesionais.
- Impulsar a constitución dun Grupo Lácteo galego, tendo en conta as dificultades que impón a actual estrutura do sector.
- Reforzar as actuacións de control dos produtos lácteos importados e evitar a venda de leite foráneo como leite galego.
- Impulsar un sistema de fixación de prezos que resolva o problema da falta de transparencia e suavice as oscilacións e a venda a perdas.



6.4.6. Desenvolvemento das producións gandeiras e agrícolas

- Impulso da extensificación do sistema produtivo e ao contrato de explotación sustentábel.
- Apoio financeiro aos proxectos de cebo de becerros e ao desenvolvemento dun label de calidade galego, a través da creación dunha etiquetaxe facultativa. Impulso de liñas de actuación destinadas á potenciación das razas galegas.
- Impulso de actuacións destinadas a mellorar a posición competitiva da industria de transformación.
- Apoio aos proxectos silvopastorís que impliquen a explotación comunitaria de montes veciñais para pastoreo.
- Elaboración dunha lei do viño de Galiza que considere as potencialidades da nosa vitivinicultura. Financiamento de medidas de reconversión e reestruturación de viñado; apoio aos investimentos nos procesos de industrialización, especialmente nas pequenas adegas e impulso dentro do Banco de Terras de medidas específicas para fomentar o arrendamento a longo prazo de superficies de cultivo de vide.
- Impulso dunha marca de calidade que ampare e identifique os produtos de horta galega.
- Mellora das infraestruturas que permitan reducir custos e impulso do plan de modernización dos regadíos.
- Apoio á instalación de empresas transformadoras dando prioridade ás iniciativas de base cooperativa.
- Fomento dos mercados de proximidade.

6.4.7. Unha nova política forestal

O obxectivo do BNG é facer do monte galego un activo económico de xeito multifuncional que xere rendas continuadas para as persoas propietarias e que profesionalice as actividades produtivas, nomeadamente a forestal, garantindo a existencia de materia prima diversa e de calidade no horizonte de 50 anos para a industria galega, particularmente do móbel e da serra. Para iso, levaranse a cabo as seguintes medidas:

- Impulso dunha nova política forestal baseada na ordenación das infraestruturas forestais, no fomento da agrupación de propietarios@s forestais para a reorganización da propiedade forestal e a explotación forestal sustentábel.
- Creación e diversificación das masas forestais; impulso ás frondosas caducifolias e ás madeiras de calidade. Incremento dos procedementos de certificación forestais. Apoio a liñas de silvicultura para mellorar a calidade das masas arbóreas con destino á madeira de calidade.
- Impulso ao sector industrial galego da madeira mediante a posta en marcha dun plan integral de accións dirixidas ao sector, baseado na reestruturación e modernización das empresas e industrias existentes, fomento da innovación, procura e consolidación de mercados.
- En relación coas Comunidades de Montes Veciñais en Man Común, o BNG impulsará as seguintes accións:
- Elaboración dun plan de demarcación dos lindeiros dos montes veciñais, fomentando o deslinde, as avinzas e a revisión da súa planimetría.
- Ordenación dos aproveitamentos e usos destes montes baixo o criterio de multifuncionalidade. Fomento de actuacións silvícolas.
- Aplicación de medidas para evitar o abandono dos montes veciñais no caso de extinción ou desaparición da comunidade ou grave abandono.

O BNG desenvolverá un novo modelo de prevención e defensa contra incendios forestais centrado nos seguintes eixos:

- Retomar as políticas preventivas, tanto as relacionadas coas infraestruturas de protección como as de ordenación preventiva do espazo forestal.
- Colaborar na prevención con comunidades de montes veciñais en man común, gandeir@s, cazadores e demais persoal propietario forestal, tras a elaboración dun plan xeral de rozas e queimas controladas. Apoio ás agrupacións veciñais de vixilancia.
- Retomar a profesionalización do dispositivo garantindo a súa non privatización e a súa operatividade



baixo un mando único; elaborar un plan de formación plurianual consolidando a escola de Monforte; completar a mellora dos medios materiais para o persoal; reforzar as brigadas de investigación de incendios forestais.

- Reformar a Gardería forestal para convertela nunha auténtica policía administrativa e xudicial

6.5. Pesca e marisqueo

O Goberno do Partido Popular no período 2009-2012 supuxo para Galiza, en materia pesqueira, unha importante perda da súa capacidade produtiva e a destrución de emprego. Causaron baixa, neste curto período, 210 embarcacións pesqueiras, que supuxeron a eliminación de 1.700 postos de traballo directos e uns 8.500 inducidos en terra (procesado, transformación, comercialización, estiba, transporte, cordelaría, reparacións, efectos navais etc.). Toda unha plusmarca na Unión Europea. Cómpre aínda acrecentarmos a perda de 550 mariscadoras a pé, fronte á promesa inicial de elevar a 20.000 o número de traballadoras. A día de hoxe fican tan só 3.900, a cifra máis baixa da nosa historia, das que o 60% posúen rendas que non chegan ao Salario Mínimo Interprofesional. E unha nova ameaza pende, neste momento, sobre 24 buques cefalopodeiros galegos no caladoiro de Mauritania. O Goberno do PP neste período non defendeu nin impulsou a pesca, o marisqueo nin a produción mexilloeira. Moi ao contrario, apostou pola substitución da actividade produtiva tradicional por un modelo fundamentado na acuicultura industrial en mans de corporacións multinacionais e na “diversificación” de usos do litoral, fundamentalmente pola vía do turismo, coa proliferación de portos deportivos que en ocasións supuxeron a eliminación de bancos marisqueiros e caladoiros pesqueiros. Os dous únicos planos estratéxicos da Consellaría nesta lexislatura vincúlanse á acuicultura (e á náutica recreativa. Nin unha soa proposta de futuro para a pesca, o marisqueo ou a produción mexilloeira. O BNG aposta por revitalizar a pesca e o marisqueo na Galiza, por crear emprego e riqueza no mar, para o que porá en marcha medidas inseridas nunha orientación política propia, galega, non dependente nin obediente a directrices españolas e comunitarias que persisten na discriminación do sector pesqueiro galego coa finalidade de primar intereses foráneos.

O Goberno do BNG non aplicará as directrices emanadas de Madrid e Bruxelas que perseguen a eliminación da nosa capacidade produtiva. O litoral galego posúe unhas condicións naturais únicas, extraordinarias, para a produción pesqueira e marisqueira. Trátase de aproveitar este potencial, pódoo en valor e ao servizo de Galiza, fóra de interferencias e intereses alleos. Os obxectivos que guiarán a actuación do BNG son:

- Incrementar e diversificar a capacidade produtiva pesqueira e marisqueira, así como incrementar o número de empregos no sector, dignificándoos.
- Defender e recuperar a capacidade pesqueira en caladoiros internacionais e de terceiros estados.
- Crear un espazo galego de libre decisión nos ámbitos pesqueiro e marisqueiro, con control público galego sobre o litoral, os seus recursos, a explotación económica e as condicións de mercado. Transferencia de competencias en materia de salvamento marítimo, loita contra a contaminación, navegación marítima, seguranza e inspección de buques, ordenación do sector pesqueiro e investigación oceanográfica.
- Mellorar a comercialización dos produtos pesqueiros e da identificación da súa orixe.
- Mellorar a seguranza do traballo no mar e os operativos de salvamento marítimo e de loita contra a contaminación mariña, baixo control galego, de titularidade pública, e con servizos universais e gratuítos.
- Impulsar e defender a pesca, o marisqueo e a produción mexilloeira serán as prioridades do Goberno galego, non a acuicultura industrial ou a turistificación salvaxe do litoral.
- Revisar, con presenza activa, a Política Común de Pesca (PCP), con principios de non discriminación á flota galega e de non inxerencia nas nosas augas. Recoñecer Galiza como Zona Altamente Dependente da Pesca e derrogar o Principio de Estabilidade Relativa, entre outras medidas.

Para acadar os obxectivos citados, o BNG impulsará as seguintes medidas:

- Programa de recuperación de bancos marisqueiros actualmente degradados e improdutos. - Dotación, baixo control público, de instrumentos (granxas de produción, minicriadoiros, bateas de preengor-



- de) para garantir a autosuficiencia na subministración de semente propia (galega) de moluscos bivalvos.
- Ampliación das experiencias de parques de cultivo.
 - Impulso ao cooperativismo mariñeiro e marisqueiro.
 - Constitución dun Órgano Comercial Peixe/Marisco Galego, con tutela pública, para a mellora da comercialización e dos prezos en primeira venda, introducindo o produto nos mercados con parámetros de diferenciación, calidade e marca galega, combatendo os efectos das importacións, nomeadamente as fraudulentas. Concentración da oferta e demanda en lonxas de referencia.
 - Apoio a medidas de etiquetaxe, estibado, envasado e procesado de produtos pesqueiros e marisqueiros que incrementen o seu valor no mercado.
 - Control das importacións.
 - Derrogación do Decreto 15/2011 e avaliación do estado real dos recursos con participación do sector e adopción de medidas e normativa acaída consensuada co sector, que inclúa paros subsidiados para a recuperación das especies, reservas mariñas, arrecifes artificiais, repoboacións etc.
 - Non aplicación, en augas galegas, da política de cotas e topes autorizados de captura procedentes da UE. Ofensiva política, institucional e xudicial contra o Principio de Estabilidade Relativa e outros criterios discriminatorios con Galiza.
 - Combate ao furtivismo, con medios públicos dependentes da Xunta, que substituirán paulatinamente os efectivos da Garda Civil do Mar.
 - Garantías para que a regularización de embarcacións non supoña a desaparición de ningunha unidade.
 - Transferencia a Galiza dos portos de interese xeral do Estado.
 - Restitución de axudas a mariscadoras maiores de 65 anos pendentes de acceso á xubilación.
 - Derrogación da normativa que establece tarifas nos operativos de salvamento marítimo.
 - Restitución do seguro colectivo de accidentes no mar.
 - Servizo de Gardacostas de Galiza con medios públicos. Paralización da venda dos helicópteros de salvamento e de privatización deste servizo.
 - Medidas de seguranza: Cumprimento normativa OMI, Plano Galego de Salvamento Marítimo, Plano Territorial de Continxencias por Contaminación Mariña, dotación de chalecos salvavidas adaptados á pesca, traxes de supervivencia nos buques, estabilidade nas embarcacións, mellora das radiocomunicacións marítimas e cumprimento dos seus protocolos, incremento potencia de motores na baixura, marisqueo a flote e extracción de percebe.
 - Defensa do mexillón galego fronte ao importado. Promoción da súa imaxe de calidade a través da Denominación de Orixe Protexida (DOP). Obrigatoriedade de identificación da orixe da vianda, non confusa, nas conservas.
 - Derivación das axudas comunitarias á acuicultura ao apoio ao marisqueo e á produción mexilloeira.
 - Prohibición do cultivo de peixes en gaiolas dentro das rías e en zonas de interese pesqueiro que se puideren ver afectadas.
 - Melloras sociais e recoñecemento laboral (coeficientes reductores, convenios colectivos, acceso á xubilación digna etc.) de mariñeir@s, mariscadoras a pé e a flote, percebeir@s, mergullador@s e redeiras. Control e inspección sobre o continxente de mariñeiros inmigrantes para evitar a sobreexplotación. Regulación sobre tripulacións mínimas. Adecuación da normativa electoral sindical á pesca. Defensa do dereito ao voto por parte dos mariñeiros embarcados en buques de altura e grande altura.
 - Impulsar o inicio dun novo proceso negociador entre a UE e Mauritania que inclúa de xeito expreso a actividade da flota cefalopadeira galega en condicións que garantan a súa viabilidade e rendibilidade.
 - Defensa dos acordos pesqueiros con terceiros Estados (Senegal, Guiné-Bissau, Gronelandia, etc.) e en augas internacionais (NAFO, ICCAT, Atlántico Sur etc.)
 - Asistencia sanitaria embarcada e apoio loxístico nos caladoiros en que faena a flota galega.
 - Xestións para posibilitar a devolución dos cartos adebedados polo Goberno noruegués ao colectivo de mariñeiros galegos embarcados en buques desa nacionalidade antes de 1994.



6.6. Comercio

O goberno de Feijoo en materia de comercio caracterizouse pola submisión ás políticas impulsadas polo Goberno do Estado, nomeadamente os reais decretos-lei 19/2012 e 20/2012, que invaden as competencias exclusivas que en materia de comercio interior ten a Xunta de Galiza. Porén, o Goberno galego amosou unha actitude cómplice con esas decisións que agudizan aínda máis a crise do comercio tradicional en Galiza.

O Real decreto-Lei 19/2012 elimina as autorizacións ou licenzas municipais nos establecementos comerciais cunha superficie non superior aos 300 metros cadrados de exposición e venda ao público, mentres que o Real decreto-Lei 20/2012 volve invadir as competencias ao incrementar o horario da actividade, que pasa de 72 horas semanais a un mínimo de 90 e modifican a tempada de rebaixas e a promoción de vendas, atentando dun xeito claro contra as leis galegas que regulaban a actividade comercial, como son a Lei de horarios comerciais de Galiza e a Lei do comercio interior de Galiza. A implantación destas medidas non son demandadas polo sector, nin polas persoas consumidoras nin responden ás verdadeiras necesidades da actividade comercial. Só favorecen os intereses das grandes distribuidoras e superficies comerciais en detrimento do pequeno comercio.

A estas medidas lesivas para o pequeno comercio hai que engadir os recortes e as subas de impostos impulsados polo Goberno que preside Rajoy, que supoñen a abrupta caída do consumo. Ao suprimirse a paga extra d@s empregad@s públic@s, incrementar o IVE e reducirse as prestacións por desemprego e pensións, baixará o consumo, o que afectará de xeito intenso a un sector que xa está a sufrir unha intensa caída das vendas.

O BNG aposta polo comercio de proximidade, por facilitar a conciliación laboral e familiar e garantir o acceso ao consumo de bens mediante o fomento do emprego e a dotación de maiores servizos sociais, así como por defender as competencias galegas. Somos conscientes da enorme importancia que posúe o pequeno comercio, e de que a facturación deste reinveste, na súa maior parte, na economía local, ao tempo que desenvolve un importante papel social de cohesión, dinamización e vertebración nas vilas e cidades galegas, facéndoas máis habitábeis, atractivas e seguras. Por tanto, no BNG defendemos un modelo en que prime o pequeno comercio fronte ás grandes superficies comerciais.

O obxectivo do BNG de exercer as nosas competencias, fomentar o pequeno comercio e o consumo de proximidade concrétese nas seguintes medidas de goberno:

- Interposición dun recurso de inconstitucionalidade contra os reais decretos-Lei 19/2012 e 20/2012 por invasión de competencias en materia de comercio interior por parte do Goberno do Estado.
- Elaboración dun plan sectorial de equipamentos comerciais co obxecto de lograr un nivel adecuado de equipamento comercial e unha correcta distribución territorial dos establecementos, que asegure a necesaria accesibilidade de toda a poboación a unha oferta comercial equilibrada e suficiente.
- Fomento das asociacións ou agrupacións de comerciantes como estratexia que permite obter vantaxes, como incrementar a oferta, reducir gastos, acceder a campañas de promoción conxunta etc.
- Impulso ao comercio de proximidade, incentivando a compra de produtos locais e galegos, así como a distribución e relación comercial directa entre persoas produtoras e distribuidoras.
- Fomento dos centros comerciais abertos como fórmula de oferta competitiva do comercio tradicional fronte a outros formatos.
- Recuperación e fomento dos mercados municipais e zonas comerciais así como a rehabilitación e/ou mellora das súas contornas, que inclúa a peonalización de espazos.
- Campañas de mobilidade gratuíta (aparcamento ou buses).
- Aplicación de plans coordinados de promoción do turismo e do comercio local, co obxectivo de estimular a actividade comercial das zonas tradicionais.
- Programas de axudas para a implantación ou mellora de establecementos específicos que comercialicen produtos típicos ou autóctonos.



- Estabelecemento dun fondo de avais mediante a fórmula máis acaída en que participen Goberno galego e concellos.
- Estabelecemento dunha liña de axudas ao financiamento, ao obxecto de garantir a actividade dos establecementos comerciais.
- Fomento da modernización e a mellora da xestión comercial; incremento da formación.
- Apoio ao artesanado galego, fomentando a súa formación e profesionalización.

6.7. Turismo

A principal acción do Goberno de Feijoo en materia turística foi o impulso da Lei 7/2011, do turismo de Galiza, que responde ao revisionismo político do goberno do PP. Trátase dunha lei que relega as entidades locais na planificación turística e renuncia a unha visión territorial, ambiental, lingüística, cultural e empresarial acaída ao país. O BNG mudará a orientación da política turística, co obxectivo de incentivar un turismo de calidade que poña en valor a nosa cultura, o noso idioma, a natureza, a historia, as tradicións e os nosos valores gastronómicos, de xeito que o turismo reafirme a nosa condición nacional.

Baixo esta orientación, o BNG impulsará as seguintes medidas:

- Adaptación do marco lexislativo á realidade turística de Galiza, partindo da condición nacional de Galiza e do consenso co sector.
- Redefinición do Consello do Turismo de Galiza para que sexa o foro de participación dos axentes que desenvolven o seu traballo no eido do turismo, cree sinerxías que contribúan a establecer políticas de acción colaborativas, operativas e funcionais.
- Impulso da promoción turística no exterior, presentando unha nova realidade nacional no país, onde se destaquen os elementos diferenciais e identitarios. Favorecerase a asociación entre o Camiño de Santiago e Galiza.
- Promoción do turismo interno, a través de diversos formatos, programas e temporadas, que abran todas as idades e sectores sociais, de xeito que a cidadanía galega coñeza o seu país
- Fomento da unificación de criterios na programación dos estudos de formación regrada e ocupacional do sector turístico e promoción do acceso á formación continua das persoas traballadoras do sector.

7. Un país ecoloxicamente protexido

O BNG entende que a mellora da calidade de vida, a loita contra o cambio climático e a defensa do medio ambiente son unha fonte fundamental de oportunidades e recursos económicos fronte a crise económica que está a padecer o conxunto da poboación. O obxectivo é, xa que logo, a aplicación transversal dos principios de desenvolvemento sustentábel en toda a acción de goberno, comprometéndose pois, a conciliar desenvolvemento e modernización coa defensa do medio.

Para acadar este obxectivo, impulsaremos a posta ao día do marco lexislativo ecolóxico, prioritariamente a relativa á avaliación de impacto ambiental; procuraremos a coordinación entre as diferentes administracións que permita aplicar criterios de sustentabilidade en todas as súas actuacións; implicaremos á sociedade galega na elaboración das estratexias; fomentaremos liñas de investigación que permitan avanzar na sustentabilidade ecolóxica, como o desenvolvemento de tecnoloxías limpas; e impulsaremos o emprego eficiente dos recursos humanos e materiais existentes.

7.1. Participación pública e educación ambiental

Co obxectivo de impulsar a participación e o coñecemento do conxunto da sociedade nas políticas de defensa do medio, o BNG impulsará as seguintes medidas:

- Creación dunha Oficina de Participación Pública, impulso ao tecido asociativo ecoloxista e fomento da transparencia na xestión das administracións públicas.



- Elaboración dunha lei de educación ambiental que a fomenta e que actualizará a Estratexia Galega de Educación Ambiental. Apoio ás entidades e profesionais no seu labor de educación ambiental e promoción do voluntariado ambiental.
- Fomento do respecto e da protección animal, impulsando as modificacións normativas necesarias para impedir a celebración de touradas en Galiza.

7.2. Xestión de residuos

Baixo o obxectivo de avanzar nun modelo de xestión de residuos baseado na redución, na reutilización, na reciclaxe e no impulso da compostaxe, que supere o ineficaz, esgotado e contaminante modelo de SOGAMA, o goberno do BNG promoverá as seguintes medidas:

- Impulso dun Plan Galego de Xestión de Residuos Sólidos Urbanos que reduza e trate axeitadamente todos os residuos, tendo como base a reutilización e a reciclaxe. Deste xeito, contemplarase o punto de incineración cero, desbotaranse novos proxectos de incineración, como o do Irixe, e apostarase por plantas comarcais de reciclaxe e compostaxe. Impulsaranse medidas para mellorar a selección en orixe dos residuos, e plans específicos para a xestión de residuos industriais, da construción e demolición e dos sanitarios.
- Posta en marcha do Plan Galego de Compostaxe, para a fracción orgánica fermentábel dos RSU, os lodos de depuradora, a biomasa de orixe vexetal e análogos. Inclúirá a implantación de complexos medioambientais de compostaxe de ámbito comarcal, inventario dos residuos compostábeis, potenciación da autocompostaxe, medidas para a valorización do compost e fomento da investigación e prácticas vinculadas coa compostaxe.
- Compromiso coa paralización do proxecto dunha planta incineradora no Irixe.

7.3. Mellora da calidade atmosférica

Co obxectivo de mellorar a calidade atmosférica, impulsaremos unha estratexia contra o cambio climático que inclúa a contención das emisións dos gases de efecto invernadoiro, a ampliación das taxas por emisión de CO₂ a outros gases contaminantes e a compensación potencial dos montes como sumidoiros de CO₂; o seguimento e control dos contaminantes atmosféricos máis perigosos, con especial atención ás grandes instalacións de combustión e incineración.

7.4. Saneamento integral e xestión da auga

Para dotar a auga da máxima protección, o BNG impulsará as seguintes medidas:

- Reclamación da xestión para a Xunta de Galiza da Confederación Hidrográfica do Miño-Sil, e as competencias exclusivas na xestión de toda a rede fluvial de Galiza.
- Desenvolvemento de medidas de saneamento integral de todos os cursos e ecosistemas fluviais. Potenciación dunha Rede de Vixilancia e control do estado ecolóxico dos ríos galegos. Mellora da coordinación da inspección ambiental coas gardarías de ríos, montes e SEPRONA mediante a unificación nun corpo único, baixo a competencia da Xunta de Galiza.
- Declaración dos ríos galegos como libres de futuros aproveitamentos hidroeléctricos e paralización de novos encoros.
- Fomento de medidas que reduzan o consumo de auga, promoción do aforro e da eficiencia nos sistemas de distribución de auga potábel, redución na aplicación de herbicidas e fitosanitarios, mellora dos tratamentos terciarios en depuración e reutilización de augas residuais depuradas.
- Modificación da Lei de Augas co fin de integrar de xeito efectivo os principios da Directiva Marco procurando o consenso social.



7.5. Protección do noso mar

Os recursos mariños teñen un valor estratéxico, tanto ambiental como económico, así, será a nosa prioridade a súa defensa, a planificación do seu uso e a mellora do hábitat, polo que impulsaremos as seguintes medidas:

- Mellora da calidade do hábitat marítimo e costeiro, control da contaminación, e planificación do uso do medio mariño e do litoral, para facer compatíbel a actividade pesqueira co desenvolvemento sustentábel, garantindo a súa biodiversidade, e desenvolvendo todas as competencias en materia de xestión e investigación dos recursos mariños, tamén fóra das augas interiores.
- Protección efectiva dos espazos costeiros situados a 500 metros do mar e a 100 metros dos ríos.
- Saneamento integral das rías galegas, ampliando e mellorando os sistemas de depuración existentes e rematando cos vertidos de augas residuais sen depuración.
- Impulso do traslado do complexo ENCE-ELNOSA fóra da ría de Pontevedra.

7.6. Espazos naturais e biodiversidade

O medio natural do noso país está a padecer un continuado deterioro que é urxente inverter. A conservación do medio ambiente ten grandes potencialidades económicas coas que impulsar un desenvolvemento sustentábel co que enfrontar a actual crise. Así, levaremos a cabo as seguintes actuacións:

- Elaboración unha nova política de xestión dos Espazos Naturais Protexidos (ENP) que teña como eixos vertebrados a súa ampliación, a conservación e a restauración dos seus valores naturais, a participación dos residentes e a elaboración de plans de uso de xestión e de desenvolvemento económico sustentábel, en beneficio da poboación residente.
- Ampliación da Rede Natura, especialmente en lugares singulares como o a inclusión da Serra do Galiñeiro no Parque Natural do Aloia. Avaliación do estado de conservación da Rede Natura e desenvolvemento de actuacións para restaurar zonas deterioradas.
- Ampliación territorial do Parque Nacional das Illas Atlánticas e definición de novos plans de uso e xestión, así como o impulso dunha política que permita que a totalidade das illas galegas sexan de titularidade pública.
- Declaración do Monte Pindo como Parque Natural.

8. Un territorio vertebrado: ordenación do territorio, infraestruturas e transporte

8.1. Ordenación Territorial

O territorio e o sistema de asentamentos son características que definen o carácter nacional de Galiza, xunto coa lingua e a historia. Porén, o noso territorio foi tratado con concepcións e políticas alleas á nosa realidade, un problema que continúa na actualidade con toda intensidade, só mitigado pola crise, con consecuencias negativas: novas urbanizacións dispersas, cando temos 30.000 núcleos, infraestruturas mal adaptadas ao noso territorio e ás nosas necesidades, asentamentos de industrias e infraestruturas con graves problemas ambientais e territoriais, desarticulación interna da nosa nación, descompensación territorial etc.

O BNG considera a necesidade dunha política de ordenación integral do territorio, baseada na crenza de que Galiza é un proxecto de futuro a longo prazo. Mais, como todos os proxectos de longo percorrido, teñen que ter o consenso dunha ampla maioría social, económica e política. Os criterios que guiarán a acción de Goberno do BNG serán:

- Reestruturación do corpus lexislativo existente, impulsando novas Leis de Ordenación do Territorio, de Estradas, de Urbanismo, e demais instrumentos de ordenación inspiradas no respecto e adecuación á realidade comarcal de Galiza, incorporando as tendencias mundiais máis avanzadas e contrastadas,



mais rexeitando as concepción alleas importadas acriticamente que dominan actualmente as actuacións da Xunta.

- Elaboración dos planos directores dos distintos ámbitos que conforman a estrutura organizativa territorial de Galiza, nomeadamente no ámbito comarcal, rural e urbano –áreas metropolitanas–, ou ben de unidades operativas de carácter supramunicipal ou supracomarcal conformadas por territorios complementarios ou homoxéneos.
- Acomodación do territorio galego aos proxectos de desenvolvemento socioeconómico e modernización real do país, evitando a desfeita do modelo territorial tradicional e a destrución dos sistemas produtivos propios da nosa nación.
- Potenciación da eurorrexión Galiza-Norte de Portugal.
- Regulación dos instrumentos de ordenación territorial, determinación das áreas de intervención no que atinxe ao carácter público, privado ou mixto das implantacións no territorio e equilibrar o asentamento poboacional no territorio.
- Baleirado progresivo de contido operativo das deputacións provinciais.

8.2. Infraestruturas

As infraestruturas teñen un papel chave na vertebración do territorio galego. Neste sentido, as continuas rebaixas do teito de gasto público non poden servir de pretexto para frear ou retardar as principais infraestruturas comprometidas polo Goberno central con Galiza, unhas infraestruturas que son estratéxicas para o desenvolvemento do noso país. O nivel de atraso na dotación de infraestruturas básicas xustifica, aínda nun contexto adverso como o actual, que se manteña a programación das infraestruturas que sexan esenciais para a vertebración territorial de Galiza. Mais as infraestruturas deben ser xerarquizadas e racionalizadas en función da rendibilidade social e económica, e a adecuación ao noso territorio e ás nosas necesidades deben ser os principios desta nova formulación, que debe supor unha política radicalmente diferente da practicada até agora. As orientacións que guiarán a nosa política de infraestruturas serán:

- Demandar do Goberno do Estado o remate das infraestruturas comprometidas con Galiza, sen asumir novos atrasos aos xa existentes.
- Pular pola gratuidade de todas as infraestruturas de uso universal e, en particular, anular a pretensión do PP de cobrar polo uso das estradas e autovías.
- Dar prioridade á conservación e á mellora da seguranza viaria na rede de estradas galega.
- Asegurar o remate de infraestruturas en construción, para evitar que o investimento realizado se perda, particularmente comprometéndose á finalización da autovía da Costa da Morte (Carballo-Cee).
- Demandar a modernización dos itinerarios de ferrocarril que ficaron á marxe dos planos do Goberno central, en concreto Ferrol-A Coruña, A Coruña-Lugo-Monforte-Ourense, Vigo-Ourense- O Barco de Valdeorras, así como o tramo Vigo-Fronteira portuguesa de altas prestacións.
- Tomar as medidas oportunas para facer rendíbeis socialmente itinerarios de AVE en uso como Santiago-Ourense e para optimizar as potencialidades do itinerario de altas prestacións entre A Coruña-Vigo, así como para demandar que non se desmantelen as vías actuais entre Santiago e Vilagarcía, pola súa adecuación para servizos de proximidade.
- Reclamar a transferencia da competencia sobre os aeroportos galegos a Galiza, para a xestión integral destes co fin de artellar un sistema aeroportuario integrado galego, baseado na especialización e na complementariedade dos tres aeroportos galegos.
- Retomar –en tanto non se producir a transferencia– a coordinación, lideradas polo goberno galego, de todas as administracións cara a acometer unha xestión desde unha perspectiva integrada das terminais aeroportuarias galegas, cos obxectivos de garantir e incrementar as conexións cos grandes sistemas aeroportuarios europeos; aumentar as conexións internacionais directas, especialmente as transoceánicas; potenciar o tráfico de mercadorías, coa especialización dun dos tres aeroportos galegos e a dotación dunha alfándega con fin de captar tráfico internacional.



8.3. Transporte vertebrador e sustentábel

O BNG impulsará as seguintes medidas de goberno para o desenvolvemento dun transporte público e sustentábel:

- Elaboración dun plan integral de mobilidade sustentábel que inclúa a aposta polo transporte público colectivo e onde se potencie o transporte ferroviario para o tráfico de mercadorías e pasaxeiros. O Goberno galego debe comprometerse na demanda duns servizos de proximidade que comuniquen as cidades e as vilas dos distintos itinerarios, opóndose firmemente a toda política de eliminación ou de desaparición de servizos que pretenda efectuar o Goberno central. En todo caso, Galiza debe contar cunha compañía ferroviaria de seu que se faga cargo dos servizos interiores, a comezar polos que corran máis risco de seren abandonados pola Administración central (FEVE e RENFE), para o que urxe demandar as transferencias nesta materia, negociando o traspaso nas debidas condicións económicas, de material rodante e da infraestrutura no seu caso.
- Potenciación do transporte marítimo de mercadorías e pasaxeir@s nas rías, respectando a súa compatibilidade cos usos marisqueiros e pesqueiros do mar.
- Apoio á planificación urbanística orientada a reducir a necesidade de desprazamentos e ampliación dos espazos peonís nos centros urbanos, acompañados da mellora dos servizos de transporte colectivo.
- Impulso aos medios de transporte menos contaminantes, como a bicicleta.
- Fomento da intermodalidade, como garante dunha integración óptima dos diferentes modos de transporte en Galiza; neste sentido, cómpre dotar de conexións ferroviarias os principais portos galegos, especialmente os portos exteriores da Coruña e Ferrol.



III. O MODELO SOCIAL QUE QUEREMOS: EMPREGO, BENESTAR E SERVIZOS PÚBLICOS

O proceso de destrución dos servizos públicos está a chegar a unha situación de non retorno pola aplicación das políticas antisociais levadas a termo polo Goberno de Feijoo, e que se acentuaron coa chegada ao poder do PP ao Goberno central. A acumulación do poder político en Galiza e no Estado español acelerou as pretensións da dereita económica de dismantelar un mínimo estado de benestar, pois todas as medidas adoptadas co pretexto de actuar contra a crise económica son en realidade un ataque ás conquistas sociais que implica unha redución de dereitos económicos e sociais para as maiorías sociais.

En Galiza, ao longo do Goberno de Feijoo, foi palpábel a perda da capacidade económica da maioría das persoas, nomeadamente traballador@s e pequeno e mediano tecido empresarial, tanto pola falta dunha política activa a prol da creación de emprego como polos continuos retallamentos nos servizos públicos. Esta política, de se manter no tempo, abocará a un empobrecemento xeneralizado da sociedade galega, ao cal esta nin aspira, nin moito menos, merece.

A proposta de actuación que o BLOQUE NACIONALISTA GALEGO exercerá desde o Goberno galego vai no camiño totalmente oposto ao practicado polo Partido Popular, tanto na Galiza como no Estado. Certamente, após case catro anos afanándose en dismantelar servizos públicos básicos (recortando orzamentos, privatizando a xestión), a recuperación non será inmediata, máis aínda cando desde o ámbito europeo se anima -e mesmo se chega a coaccionar- para que se impulsen políticas antisociais. Porén, o relevante será apostar por unha liña coherente e clara que manteña como obxectivo prioritario asegurar a estabilidade e a seguranza económica mínimas a tod@s @s galeg@s, que lles proporcionen unha vida digna de xeito que ningunha persoa galega fiquen marxinaada nin se vexa abocada ao desamparo.

O compromiso do BLOQUE NACIONALISTA GALEGO é reescribir a política emprendida por Feijoo ao longo de case catro infaustos anos, sobre todo emendando punto por punto todos os recortes orzamentarios aplicados á sanidade, á educación e aos demais servizos sociais públicos, así como ás políticas de vivenda, de mocidade e de igualdade. Alén diso, tamén estableceremos como quefacer prioritario dun novo goberno galego asegurar as condicións que permitan avanzar cara a unha sociedade galega con maior cohesión social, propiciar as condicións para atinxir unha igualdade real e, en definitiva, perseguir por riba de todo a xustiza social.

1. Emprego digno e na terra

@s galeg@s temos dereito a vivir e traballar na nosa propia terra. Nos últimos anos, padecemos un Goberno empeñado en converter en papel mollado esta orientación básica. O PP, con Feijoo á fronte, ensaiou unha auténtica subversión de principios e normas promulgadas para protexeren os dereitos das maiorías sociais, un ataque sen miramentos contra a seguranza e a estabilidade económica de moitas persoas en Galiza ao permitir a destrución de emprego en sectores básicos da economía e dimitir das súas obrigas á hora de reforzar as políticas activas de emprego.

Na etapa de Goberno de Feijoo a taxa de desemprego superou por primeira vez na historia o 20 por 100 en Galiza. Non só houbo un incremento significativo de persoas desempregadas, senón que se agravou a tendencia respecto do resto do Estado. A evolución do desemprego en Galiza durante o Goberno de Feijoo foi aínda máis desfavorábel que no conxunto do Estado español, que xa presenta as taxas de desemprego máis altas da Unión Europea. Así, segundo reflicte a EPA, entre marzo de 2009 e xuño de 2012 o incremento da taxa de desemprego foi do 72 por 100 en Galiza, mentres que no conxunto do Estado español foi do 42 por 100.



A creación e a recuperación do emprego virán, sobre todo, da man dunha política de apoio aos sectores económicos que tradicionalmente serviron de sustento á economía galega, ao noso tecido produtivo básico, explotando as nosas vantaxes comparativas, alén de lles conceder prioridade aos sectores emerxentes cuxo principal activo é o coñecemento e a investigación aplicada. Iso será obxecto de explicación detallada en cada apartado sectorial específico deste programa. Porén, existen medidas de carácter horizontal en materia de emprego, que serán obxecto dun enfoque xeral desde a acción do goberno do BNG, partindo dos seguintes obxectivos:

- Traballar desde Galiza pola derogación das reformas laborais aprobadas en 2010 e 2012, pulando pola restauración das conquistas e dereitos laborais retallados nas sucesivas modificacións do réxime das relacións laborais, especialmente: pola recuperación das garantías para @s traballador@s ante a negociación colectiva, a derogación da mudanza unilateral nas condicións laborais, a intervención administrativa nos despedimentos colectivos, e a restauración das indemnizacións de 45 días por ano de servizo en calquera tipo de despedimento.
- Crear emprego estábel, en condicións salariais dignas, nun marco galego de relacións laborais normalizado e equilibrado, asentado no principio de reducir as modalidades de contratación precarias.
- Reducir da taxa de temporalidade, tanto no sector privado como no público, eliminando os efectos perversos da alta rotación no emprego en Galiza.

As principais medidas para desenvolver serán:

- Impulsar un marco galego de relacións laborais, a través dun acordo galego entre as centrais sindicais e as confederacións empresariais, que contribúa a potenciar a negociación colectiva a nivel de Galiza, evitando a centralización das unidades de negociación, e así mesmo, atribuíndo a lexitimación para negociar nos grupos de empresa aos sindicatos máis representativos a nivel galego.
- Promover, a través tanto da negociación colectiva como de medidas normativas, un mellor reparto do tempo de traballo, tanto para implantar horarios laborais que faciliten a corresponsabilidade e fagan posible o goce de tempo de lecer, como política creadora de emprego, incentivando a redución do horario semanal, e limitando a realización de horas extraordinarias.
- Transferir todas as políticas de fomento do emprego e da formación continua a Galiza, coa finalidade de adaptar plenamente a estratexia de estímulos ao emprego ás peculiaridades socioeconómicas do noso país.
- Diseñar unha estratexia global de fomento do emprego, incidindo especialmente na mocidade, que teña por obxectivo a creación de emprego estábel e unhas condicións laborais dignas, con base nos seguintes aspectos:
 - a) A revisión das axudas e dos incentivos ao fomento do emprego, concentrando as axudas á contratación de emprego en colectivos específicos con altas taxas de desemprego e vinculando o seu financiamento a fondos procedentes da recadación fiscal no canto das cotizacións sociais.
 - b) O establecemento de estímulos ao emprego estábel en novos xacementos de emprego: servizos públicos vinculados ao benestar, servizos ambientais, servizos e consultarías para o avance da eficiencia enerxética, actividades de reciclaxe e reutilización de residuos, obras de revalorización e rehabilitación de espazos públicos e patrimonio arquitectónico e cultural, transporte colectivo, investigación aplicada no sector primario, servizos culturais e de lecer vinculados á valorización da cultura e patrimonio de Galiza.
 - c) A xestión en exclusiva do Fondo Social Europeo que lle corresponde a Galiza, tamén a nivel de planificación, eliminando a intermediación da administración xeral do Estado.

Estabelecer incentivos públicos ao emprendemento, a través da potenciación do emprego autónomo, en cooperativas de traballo asociado e sociedades laborais; así como a promoción e difusión e fomento do cooperativismo e da economía social como vías para procurar unha ocupación laboral.

- Oporse á deslocalización das empresas radicadas en Galiza, adoptando políticas impeditivas e desalentadoras, excluindo e restrinxindo a percepción de axudas públicas ás empresas que acometan o desprazamento parcial ou total da produción ao exterior na procura de condicións laborais precarias.
- Reforzar os servizos públicos de emprego, reclamando a transferencia total a Galiza da súa xestión co



financiamento necesario, sobre todo no eido da orientación e da intermediación laboral, fortalecendo a contratación de persoal orientador laboral e unha mellor adecuación entre as ofertas e emprego e o perfil formativo e profesional da persoa solicitante.

- Impulsar a modificación da lexislación sobre empresas de traballo temporal, de xeito que a súa actividade se vexa cinguida exclusivamente a funcións moi especializadas e vetando a súa actuación en ocupacións habituais nas empresas privadas e no sector público.
- Fomentar a negociación colectiva nos sectores produtivos galegos carentes na actualidade de convenio colectivo.
- Incluír nos pregos de contratación, á hora de licitar obras ou servizos dentro do sector público galego, cláusulas de penalización da precariedade laboral.
- Aplicar un plano global de acción contra a sinistralidade laboral, que comprenda: o fomento do emprego estábel nos sectores que presentan maiores taxas de accidentes laborais, a intensificación no control das actuacións das empresas e sectores que acumulan un elevado número de accidentes no traballo, a redución obrigatoria da xornada laboral nas actividades máis perigosas, o establecemento de mecanismos de promoción profesional para @s traballador@s que desenvolven a súa actividade en ambientes prexudiciais para a saúde, e a posta en marcha de planos específicos de actuación para paliar a alta sinistralidade no mar e no agro.
- Reivindicar a asunción plena de todas as competencias en materia de Inspección do Traballo, que permita mellorar a actuación contra a fraude laboral e a prevención e seguranza no traballo, intensificando as medidas de control, particularmente no ámbito da subcontratación pola precarización das relacións laborais que leva aparellada, como aposta para fomentar a maior capacidade profesional d@s traballador@s e o incremento da seguranza no traballo.
- Realizar un reparto de fondos dos programas de cooperación cos concellos de xeito equilibrado, con base en criterios obxectivos que impidan o reparto clientelar.

2. Garantir un sistema avanzado de benestar e protección social

2.1. Sanidade pública, universal e gratuíta

A sanidade pública sufriu un grave retroceso en Galiza no últimos anos, provocado pola decisión política do PP de detraer financiamento sanitario: máis de 1.000 millóns de euros de recortes acumulados, que supuxeron que o orzamento sanitario público galego pasase do 6,6 por 100 do PIB en 2009 ao 5,7 por 100 en 2011. O esmagamento das capacidades da sanidade galega para prestar unha atención digna á poboación galega está a ser devastador sobre as persoas máis vulnerábeis. Fronte a este proceso de destrución, a alternativa consiste en artellar unha política sanitaria centrada de verdade nos intereses da saúde da cidadanía, que conte cun financiamento suficiente e que garanta a asistencia universal. Os obxectivos desta alternativa son:

- Parar a destrución da sanidade pública galega, freando as privatizacións e o despezo que emprendeu o PP. A reconstrución do desfeito é complexo mais posíbel, desexábel e constitúe un compromiso central do BNG.
- Reorientar o enfoque da política sanitaria para actuar sobre os determinantes da saúde, mellorando o nivel de saúde na poboación, a través dunha organización sanitaria integrada na comunidade, que conte cunha estrutura de coordinación de servizos asistenciais, de saúde pública e sociosanitarios.
- Reforzar o Servizo Galego de Saúde como instrumento de superación de desigualdade e motor económico galego, ligado ao coñecemento e á tecnoloxía, creador de emprego de calidade e promotor de industria produtiva radicada no país.

As medidas que se aplicarán desde o goberno serán as seguintes:

- Destinar o orzamento sanitario á mellora da sanidade pública, nunca a facilitar o negocio privado, volvendo a situalo en niveis similares ao dos anos anteriores ao Goberno de Feijoo. A contratación privada farase cando for necesario por os recursos públicos non poderen ou non seren capaces de realizaren unha determinada actividade ou cando as sinerxias público-privadas de coñecemento e tecnolóxicas



- redundaren positivamente no sistema sanitario público e industrial de Galiza.
- Regular legalmente a limitación dos sistemas de colaboración público-privada na sanidade pública galega.
 - Acometer a modificación da Lei galega de saúde para que calquera persoa residente en Galiza teña a seguranza de que terá asistencia sanitaria, recobrando o carácter universal da atención sanitaria que o PP pretende limitar.
 - Optar expresamente pola xestión pública directa das institucións sanitarias do Sistema de Saúde de Galiza, revisando para iso as áreas privatizadas e a súa recuperación para a sanidade pública.
 - Revisar as condicións en que se produciu a licitación e a adxudicación do Novo Hospital de Vigo para rescatar a concesión co obxectivo de dotar a área sanitaria de Vigo da infraestrutura sanitaria que precisa, que permita atender a toda a cidadanía desa área, en todas as especialidades e con todos os servizos nun hospital público e de calidade.
 - Paralizar o proxecto privatizador de Monte Carrasco.
 - Promover un modelo de xestión integrada que respecte as competencias e a autonomía das áreas sanitarias comarcais.
 - Xestionar as listaxes de agarda de tal xeito que o prioritario sexa a súa transparencia. Isto implica as seguintes cuestións:
 - a) Información completa da espera sanitaria, das listaxes estruturais e non-estruturais establecendo un novo sistema homologado de información para a espera por prioridades que permita o seu seguimento e control.
 - b) Xestión eficaz da agarda en función de criterios clínicos, utilizando parámetros publicados e controlábeis, considerando conxuntamente prioridades e tempos máximos e concedendo preferencia á autoconcertación sobre a concertación con centros privados.
 - Adecuar os recursos humanos, formativos e tecnolóxicos cara á atención primaria.
 - Mellorar o acceso e a potenciación da resolución hospitalaria:
 - a) Potenciación máxima da cirurxía maior ambulatoria en todos os hospitais.
 - b) Creación de consultas de alta resolución, con tendencia ao acto único, en todos os servizos hospitalarios.
 - c) Impulso do funcionamento horario de mañá e tarde en todos os hospitais.
 - Racionalizar o uso dos medicamentos, dándolle prioridade á prescrición por principio activo, e apoiar isto nunha política de seguimento da prescrición e da dispensación na procura dunha mellor adherencia terapéutica que incremente a eficiencia e, sobre todo, os resultados de saúde para a poboación.
 - Acometer un esforzo orzamentario e organizativo suplementario en enfermidades de maior impacto en Galiza, particularmente na atención a persoas maiores, a doentes crónic@s e dependentes ante a previsión de envellecemento da poboación.
 - Asegurar a interrupción voluntaria do embarazo na rede sanitaria pública ás mulleres que así o desexaren.
 - Reclamar do Goberno central a inclusión no Catálogo de Prestacións Sanitarias do tratamento preciso para a reasignación de sexo.
 - Aprobar un novo Plan de Ordenación de Recursos Humanos que se adapte ás necesidades do sistema e que permita facer unha programación de incorporación d@s profesionais, das competencias e das súas características, e que aborde tamén unha dignificación da contratación de persoal temporal.

2.2. Ensino público galego de calidade

O goberno de Feijoo foi unha rémora permanente para avanzar na construción dun ensino público de calidade ao servizo do conxunto da sociedade galega. O PP, submisivo ao goberno do PP no Estado e sen vontade política para impedir a invasión de competencias, está a aplicar un modelo educativo de compromiso co ensino privado concertado, aplicando todo tipo de recortes e reducindo os orzamentos, o que impediu uns investimentos imprescindíbeis para ampliar e mellorar a escolarización e reforzar o ensino público. O seu modelo educativo está en total sintonía cos postulados neoliberais que favorecen sistemas educativos máis selectivos, clasistas e contrarios aos intereses das maiorías sociais. Por outra parte,



o PP reforzou máis aínda o papel desgaleguizador do ensino. No seu empeño en desprestixiar o ensino público, o Goberno presidido por Feijoo restoulle 425 millóns de euros ao orzamento destinado á educación. Como consecuencia, o PP liquidou os avances acadados con anterioridade, tales como a gratuidade dos libros de texto, a extensión de comedores escolares, as melloras retributivas do profesorado, a ampliación dos cadros de persoal dos centros de primaria e de infantil, ou o impulso á normalización da lingua galega no ensino. Ademais, afanouse en suprimir unidades e centros educativos da rede pública, mentres apoiou a creación de novas unidades en centros concertados e restituíu as subvencións públicas aos centros que segregan o alumnado. Non ficou á marxe ningunha etapa educativa da vaga de retallamentos aplicados ao ensino. Desde a parálise na extensión da rede de centros infantís, coa supresión do modelo educativo das galescolas, a asfixia económica ao ensino obrigatorio, a redución de bolsas e axudas ao estudo nas etapas postobrigatorias e universitarias e a prohibición de impartir en galego as Matemáticas, Física e Química e Tecnoloxía. Tamén o ensino universitario foi obxecto da desidia do PP, ao aplicar recortes orzamentarios próximos ao 20 por 100 e non dar garantido un plano plurianual de financiamento que asegure poder desenvolver o labor docente e investigador das universidades galegas consonte a parámetros de calidade. O BNG considera prioritario lograr un sistema educativo público e laico, verdadeiramente galego, por sermos conscientes de que canto máis se estenda o acceso á educación, mellor combateremos as desigualdades sociais. Apostamos por un sistema inserido na nosa realidade social, económica e cultural e ao servizo de tod@s @s galeg@s, para o cal será preciso reivindicar desde as institucións galegas a derogación e a modificación das normas estatais en materia educativa que impiden a galeguización do ensino que tenden cara a súa homoxeneización e a supresión dos concertos educativos. Procuraremos un sistema educativo que conciba a educación como un servizo público básico, gratuíto e obrigatorio dos 3 aos 18 anos, que se converta en factor fundamental para a transformación social, a galeguización e o desenvolvemento integral de Galiza. Os obxectivos en materia de educación do BNG serán os seguintes:

- Garantir unha mellor educación pública en todas as etapas escolares.
- Darlle prioridade ao investimento en educación, procurando atinxir o 6 por 100 do PIB, ao tempo que se reducirán os concertos educativos.
- Atender con éxito a diversidade e integración social e cultural.
- Actuar na prevención e na redución do fracaso escolar.
- Facilitar os servizos complementares asumindo a xestión pública e directa paulatinamente desde a administración galega.
- Apostar por fixar servizos educativos no medio rural.

As medidas que o BNG levará a termo no Goberno galego serán:

- Reivindicar unha mudanza nas leis educativas de rango estatal, para se ampliaren e respectaren as competencias educativas propias de Galiza de xeito que se permita o establecemento de currículos equilibrados e adaptados á realidade galega. Dun xeito particular, reclamarase a extensión daquelas relativas á regulamentación dos concertos educativos, á mellora do sistema educativo galego, entre elas: a alta inspección, a avaliación do sistema educativo, a concesión de bolsas de estudo, a xestión e organización dos centros, o calendario escolar, os criterios de admisión do alumnado, a transferencia dos centros de “referencia nacional”, o traspaso da competencia total nos programas contra o fracaso escolar, a formación profesional continua e a elaboración do catálogo de cualificacións profesionais.
- Potenciar a rede pública de ensino nas etapas obrigatorias, reducindo de xeito progresivo os concertos educativos co ensino privado cara á súa desaparición, e de forma inmediata, rescindiranse aqueles que manteñan a segregación do alumnado.
- Integrar toda a etapa de educación infantil (0 a 6 anos) no ámbito da consellaría competente en materia de educación, recuperando unha rede galega de escolas infantís e procurando a súa extensión para garantir prazas públicas de acordo coas necesidades reais, particularmente nas áreas urbanas e metropolitanas.
- Recuperar o Programa Preescolar na casa.
- Establecer unha política de bolsas e axudas ao estudo en todos os niveis do ensino, dun xeito específico nas etapas postobrigatorias e na universidade para asegurar a continuidade nos estudos de calquera alumn@, e fixando como criterios determinantes a situación económica e o afastamento do lugar



- de residencia respecto da localidade de estudo.
- Restituír a gratuidade dos libros de texto a través dun programa de préstamos.
 - Dotar prazas e servizos de comedor nos centros públicos, asumindo paulatinamente a xestión pública directa pola administración galega.
 - Elaborar un plan de racionalización do transporte escolar para a súa ampliación e mellora do seu funcionamento.
 - Reducir o número de estudantes por aula.
 - Promover o estudo da lingua portuguesa nos centros de ensino.
 - Reorganizar a formación profesional, de xeito que se garantan na rede pública prazas suficientes nos distintos ciclos formativos no marco dunha oferta equilibrada a nivel territorial, e ao tempo, camiñando cara á supresión das subvencións ao sector privado. - Ampliar a oferta de formación profesional nas familias profesionais de maior inserción laboral e nos sectores económicos estratéxicos para o futuro de Galiza.
 - Promover unha reordenación do ensino artístico, integrando as diferentes especialidades a través dunha organización única e orientada cara á realidade galega. Dun xeito especial, implementaranse mecanismos eficaces para a incorporación do alumnado egresado nas redes de creación e difusión cultural do país, favorecendo a produción e consumo de cultura galega.
 - Integrar plenamente o ensino artístico superior no Sistema Universitario Galego, o que inclúe o recoñecemento inmediato dos títulos que ofrecen os centros como graos universitarios, establecendo, no entanto, unha regulación do seu réxime interno adecuada ás súas necesidades e eliminando a discriminación que actualmente padece o seu profesorado e o seu alumnado para participar nos programas europeos de mobilidade.
 - Ampliar, onde for preciso, a rede de escolas oficiais de idiomas, fomentando dun xeito especial o estudo da lingua portuguesa.
 - Elaborar unha rede de educación permanente de persoas adultas que inclúa centros específicos en áreas de maior poboación.
 - Reclamar a modificación do marco legal estatal para que a relixión non forme parte do currículo escolar. Optarase por impartir a relixión fóra do horario común dos centros escolares, garantindo a escolla de alternativas.
 - Apoiar a cooperación e a coordinación das universidades galegas, con base nun Sistema Galego Universitario integrado e implicado no desenvolvemento económico e social do país, apostando, entre outras, polas seguintes medidas: creación e consolidación de grupos de investigación interuniversitarios, emprego compartido de programas e recursos docentes e de investigación, autorización de titulacións interuniversitarias, harmonización das condicións de acceso, promoción e formación do persoal docente e administrativo.
 - Elaborar un plano de financiamento universitario, que teña a referencia do 1,5 por 100 do PIB, que implique unha converxencia real coas ratios medias do contorno europeo, e facilitando así a integración nos espazos europeos de investigación e de ensino superior.
 - Defender a reforma da normativa estatal sobre universidades (LOU) que asegure o futuro do modelo de universidade pública e elimine enfoques privatizadores e centralistas.
 - Transferir a Galiza os medios materiais e competencias da UNED en Galiza, da Universidade Internacional Menéndez Pelayo e das institucións dependentes do CSIC en Galiza.
 - Oporse ás subas abusivas de taxas universitarias.
 - Fomentar a investigación na universidade, favorecendo a libre difusión do coñecemento no canto da mercantilización, apoiando programas de doutoramento de calidade en todos os eidos de coñecemento e tamén a recuperación de convocatorias para o inicio e consolidación da carreira investigadora.

2.3. Garantir os servizos sociais e a atención á dependencia

O Goberno do Partido Popular nestes anos caracterizouse por dous trazos: o desmantelamento do sistema galego de benestar e da rede de servizos sociais que foran potenciados polo BNG cando ocupou responsabilidades de goberno, e os continuos retallamentos orzamentarios que, como consecuencia,



supoñen unha perda de dereitos para a cidadanía, maiores cotas de desigualdade e o incremento das persoas en situación de pobreza e exclusión social. A pesar da propaganda que arroupa Feijoo, interesada en salientar que blinda o gasto social malia as restricións orzamentarias, os recortes na área de benestar foron superiores á diminución total dos orzamentos do conxunto da Xunta de Galiza. Máis de 585 millóns de euros ficaron sen aplicar ás políticas sociais e ao fomento do emprego ao longo da lexislatura. O Plan concertado de servizos sociais reduciuse en máis do 43 por 100, agravado por unha diminución análoga nos orzamentos xerais do Estado coa chegada ao poder de Rajoy. Como corolario, neste 2012, o Goberno galego suprimiu os equipos de inclusión social, desatendeuse totalmente dos Servizos Sociais Comunitarios nos concellos de menos de 20.000 habitantes. Particularmente grave foi a supresión do financiamento do Servizo de Axuda no Fogar por parte da Xunta de Galiza, o que supón limitacións no acceso ás persoas dependentes que están en listaxe de espera e a outros colectivos en situación de vulnerabilidade. Todo isto pon de manifesto que as políticas sociais e o emprego non son nin foron as prioridades do PP. As consecuencias son gravísimas. Na Galiza hai máis de 600.000 galeg@s por baixo do limiar da pobreza dos cales máis de 100.000 están en situación de gran precariedade, unha situación que afecta con especial crueza ás mulleres que constitúen o 66 por 100 das persoas en grave risco de exclusión social no noso país. Tamén, segundo os últimos datos oficiais publicados, hai 60.756 persoas dependentes con dereito á prestación, mais só hai 35.446 beneficiari@s con prestación efectiva. Ademais, 25.312 persoas con dereito recoñecido ás prestacións non a están a percibir, atrasándose ao máximo a incorporación efectiva das persoas beneficiarias á súa prestación. Con estes datos, Galiza é a segundo territorio con máis listaxes de espera de todo o Estado. Dun xeito paralelo, as achegas que teñen que facer as persoas usuarias ao custo dos servizos aumentáronse considerabelmente, co que achegan máis do seu peto a uns servizos sociais cada vez máis desvalorizados. O BNG actuará contra o déficit social que deixa en herdanza Feijoo e o seu goberno polas políticas antisociais emprendidas que afondaron na desigualdade, na pobreza e na exclusión social. O principal obxectivo será recuperar o sistema de benestar da asfixia financeira inducida polo Partido Popular, asegurando investimento social que lle dea o osíxeno preciso para atender e satisfacer as necesidades das persoas do noso país. Así, os principais obxectivos serán:

- Dotar de recursos á Xunta e ás entidades locais para o financiamento dun sistema galego de servizos sociais, comprometéndose a situalo no 7 por 100 dos orzamentos.
- Esixir ao Estado español un novo modelo de financiamento en materia de servizos sociais que estea en consonancia cos criterios de avellentamento e dispersión poboacional, índice de dependencia, persoas con discapacidade e emigración de retorno. Iso suporá a superación do modelo arcaico de financiamento establecido no Plan concertado de servizos sociais.
- Potenciar os Servizos Sociais Comunitarios con financiamento da Xunta en colaboración cos concellos.
- Mellorar os sistemas de protección social e o acceso aos servizos e equipamentos sociais de calidade para tod@s.
- Optimizar a xestión para o recoñecemento de prestacións no sistema de dependencia, tendendo a recuperar a xestión pública directa dos centros integrados neste.
- Reducir o número de persoas en situación de pobreza e exclusión social, especialmente as que se atopan nas formas máis extremas de pobreza, así como minimizar a transmisión da pobreza e a exclusión social entre xeracións.

En desenvolvemento destes obxectivos, as medidas que se desenvolverán serán as seguintes:

- Contar cun catálogo de servizos sociais integrado polo conxunto de intervencións, programas, servizos e prestacións, de tal maneira que se concreten aquelas que teñan un carácter esencial, o que determinará a súa condición como dereito esixíbel por todas as persoas que o precisaren.
- Incorporar e aplicar plenamente o disposto na Convención Internacional de Dereito das Persoas con Discapacidade a través dun plano de actuación específico dotado orzamentariamente e elaborado coa participación das organizacións que traballan neste ámbito.
- Aprobar o Mapa Galego de servizos sociais, que inclúa o establecemento dos criterios de dotación de centros e de servizos en todo o territorio galego.
- Implantación progresiva e xeneralizada da Tarxeta Social Galega.



- Acometer un Plan de mellora e de ampliación dos centros sociocomunitarios e de centros de día, incluíndo a adecuación e adaptación física dos centros para estes dispoñeren dos servizos e das instalacións adecuadas para as persoas maiores poderen participar en óptimas condicións. Dotaranse, igualmente, de persoal e de servizos axeitados ás súas necesidades.
- Mellorar e potenciar o Servizo de Axuda no Fogar (SAF) de xeito que se poida prestar este servizo ao maior número de persoas maiores en situación de dependencia.
- Ampliar outros programas específicos para as persoas maiores: os relativos a xantar na casa e lavaríala a domicilio, potenciar o programa de acollemento familiar para persoas maiores dependentes e implantar unha liña de axudas económicas para acceso a vivenda en aluguer específica para persoas maiores.
- Desenvolver un Plan Galego de Inclusión Social que aposte pola transversalidade das políticas de inclusión (vivenda, educación, sanidade, emprego).
- Reformular a renda de integración social (RISGA), no camiño de establecer un rendemento básico garantido para todas as persoas, a comezar polas que se atopan en risco de exclusión.
- Incrementar o complemento autonómico ás pensións non contributivas.
- Impulsar un Plan de Atención ás Persoas con Discapacidade, que supoña un paso adiante en materia de prevención e atención ás persoas con discapacidade e avanzar significativamente na visibilización e sensibilización da sociedade, para que se chegue a producir a verdadeira integración social das persoas discapacitadas.
- Acometer un programa específico de atención temperá, que incorpore os recursos e prestacións existentes, ademais dun plan integral específico para os menores de 0 a 3 anos en situación de dependencia ou en risco de a padecer.
- Executar un Plan de Infancia e Adolescencia, contando coa colaboración dos concellos, a través da dotación de recursos de prevención, que potencie equipamentos específicos destinados a menores con necesidades educativas especiais e, en xeral, persiga reducir o internamento de menores en centros de protección, posibilite o acollemento familiar e a normalización das situacións de vida das crianzas e evite a xudicialización d@s menores.
- Retomar plans específicos de actuación con minorías étnicas, singularmente coa comunidade xitana, concedéndolle prioridade aos principios de normalización, promoción da interculturalidade e cooperación coa iniciativa social.
- Prestar servizos de información e asesoramento específico a todas as persoas inmigrantes que residan na Galiza, nas cidades galegas así como nas principais localidades de concentración de poboación de orixe estranxeira na Galiza.
- Desenvolver, con dotacións orzamentarias específicas, programas de axuda ás persoas emigrantes galegas que desexaren retornar a Galiza, para súa inserción sociolaboral.

3. Políticas feministas e a prol da igualdade

O BNG aposta por construír un mundo en que non existan discriminacións por razón de xénero e no que aquelas cuestións que camiñen cara á superación do sistema patriarcal ocupen unha parte relevante da axenda política co obxectivo de transformar a orde establecida, mudar as prioridades e traballarmos conxuntamente a prol dun mundo máis xusto. A perspectiva feminista debe atravesar o conxunto das políticas públicas co fin de combater as discriminacións de que as mulleres continúan a ser obxecto.

Ao longo dos últimos tres anos o Goberno galego impulsou unha política que estivo claramente orientada a cuestionar os dereitos das mulleres, a dismantelar a estrutura administrativa que daba corpo ás políticas a prol da igualdade e a practicar recortes nos servizos públicos que teñen un efecto directo no deterioro das condicións de vida da poboación en xeral, mais que inciden especificamente nas mulleres e no obxectivo da equidade de xénero.



A ofensiva ideolóxica do PP contra os dereitos das mulleres supuxo na práctica unha substitución das políticas de igualdade polo reforzo do rol tradicional das mulleres. As medidas que ensaiou a Xunta enmarcáronse nunha liña regresiva dos dereitos das mulleres e de cuestionamento dun papel igualitario de mulleres e homes na sociedade. Ao tempo, conxelou calquera iniciativa prol da corresponsabilidade, de mellora na atención ás vítimas da violencia de xénero ou ao fomento do traballo en igualdade.

Asemade, como noutros ámbitos, tamén as políticas de igualdade sufriron duros recortes ao longo da lexislatura, superiores á mingua media dos orzamentos da Xunta de Galiza. É especialmente ilustrativo que, por exemplo, no programa de igualdade se acometeu un recorte en tres anos do 78 por 100, ou que as políticas de conciliación sufriron un recorte do 83 por 100 nese período. A consecuencia foi un desmantelamento xeneralizado de servizos, de recursos e de medios destinados a promover a igualdade, a combater a discriminación e a camiñar cara á procura dunha vida máis digna. Isto supuxo retrocedermos a niveis de hai máis dunha década.

Na actual situación de crise fanse máis necesarias que nunca actuacións decididas para diminuír o efecto dunhas políticas económicas que sitúan as mulleres no albo principal para consolidar un sistema cada vez máis precario e con perda sistemática de dereitos.

No camiño de materializar un novo modelo global de sociedade máis xusto, o papel das mulleres galegas é determinante. Por iso, o BNG comprométese a retomar as políticas feministas e a prol da igualdade, cun enfoque transversal de xeito que en todos os eidos de actuación e intervención do Goberno galego se incorpore a perspectiva de xénero e se adopten medidas específicas, con base nos seguintes obxectivos:

- Impulsar a visibilidade e participación das mulleres nos espazos de participación e decisión, de carácter público ou privado.
- Combater a discriminación das mulleres.
- Garantir a igualdade de oportunidade e de trato, así como defender os dereitos conquistados e mesmo afondar neles.
- Fomentar a contratación e inserción laboral das mulleres a través de políticas activas de emprego deseñadas especificamente.
- Mellorar a atención e a saúde das mulleres, así como a prevención e a seguranza no eido laboral a través dun plan específico.
- Intensificar os programas de apoio ás mulleres vítimas de violencia de xénero.
- Dignificar o traballo non remunerado realizado polas mulleres cuantificando a súa contribución á economía do país.
- Deixar sen efecto as normas e orientacións políticas ditadas nestes anos que se enmarcan nunha liña que recupera os valores tradicionais do patriarcado.

As medidas de actuación que propón o BNG para actuar no futuro inmediato parten da necesidade de restaurarmos os dereitos que se puxeron en cuestión pola vaga conservadora ao longo destes anos e de impulsar medidas que avancen cara á transformación social, ao tempo de establecermos como prioridade políticas de acción positiva útiles para contrarrestaren o proceso de empobrecemento das mulleres que está a vivir a sociedade galega:

- Realizar un plan de emprego feminino dirixido á inserción laboral das mulleres desempregadas e ao afloramento do traballo somerxido.
- Diseñar e aplicar, dun xeito máis específico, un programa de fomento do emprego postuniversitario, a fin de procurar empregos acaídos á titulación das mulleres con maior nivel formativo.
- Promover medidas de conciliación, en colaboración coas empresas, que inclúan a garantía de dereitos de tempo de aleitar e de retorno do permiso por nacemento, así como a redución de xornada e flexibilidade de horario por coidado de persoas menores e dependentes.
- Estender a rede de escolas infantís como recurso importante de conciliación.



- Acometer unha adaptación dos horarios dos servizos públicos aos novos horarios das unidades de convivencia.
- Elaborar unha lei galega de saúde sexual e reprodutiva para garantir a información e o acceso á anti-concepción e á interrupción voluntaria do embarazo nos recursos públicos de saúde.
- Analizar e modificar os protocolos existentes sobre a violencia de xénero tanto entre os sistemas de información e de asesoramento como entre os distintos corpos de seguranza e avaliar a súa utilidade para propor as modificacións pertinentes co obxectivo de serviren como instrumentos de detección de situacións de risco.
- Asumir as competencias en materia de planta e demarcación para crear xulgados de violencia de xénero nas sete cidades galegas, cunhas instalacións que garantan a seguranza e a intimidade das mulleres.
- Desenvolver un plan de acompañamento a vítimas de violencia de xénero que comprenda a xestión preferentemente pública dos recursos de acollida, o reforzo das axudas económicas ás vítimas de violencia de xénero e a recuperación da rede de voluntariado de acompañamento das vítimas de violencia de xénero.
- Promover a investigación dos aspectos relacionados coa seguranza e coa saúde laboral das mulleres, especialmente daqueles sectores e categorías profesionais cunha forte presenza feminina.
- Apoiar o asociacionismo das mulleres, así como presenza das mulleres en órganos de participación social e institucional.
- Intensificar os programas encamiñados a erradicar as discriminacións por razón de xénero ou os programas de concienciación da corresponsabilidade.

4. Mocidade con futuro na Galiza

As políticas antigalegas, antisociais e antidemocráticas do PP tiveron nestes case catro anos unha especial virulencia coa xente nova e contribuíron a agravar substancialmente a situación da mocidade galega. O goberno de Feijoo combinou a inacción fronte aos principais problemas da mocidade co recorte de dereitos e liberdades sociais. Todo isto viuse agravado coa paralización e supresión das iniciativas transformadoras postas en marcha polo BNG cando ocupou responsabilidades de goberno no ámbito xuvenil. As condicións de vida da mocidade deterioráronse aceleradamente, impedindo así a emancipación xuvenil. Porén, a situación laboral da mocidade non mereceu a atención do goberno Feijoo, que non impulsou nin unha soa medida específica ao respecto, como tampouco o fixo para garantir o acceso á unha vivenda digna por parte d@s moz@s galeg@s, que viron como durante este tempo se paralizaron as políticas de promoción de vivenda pública e as axudas públicas destinadas ao alugueiro. Fronte a estes 4 anos escuros para a mocidade do noso país, o BNG aposta por actuar sobre a problemática real da xente nova, co obxectivo de esta poder desenvolver un proxecto autónomo de vida no propio país. Xulgamos que se debe desterrar a visión reduccionista e paternalista da mocidade e apostar pola participación da xente nova na definición de políticas xuvenís transversais e transformadoras. Os obxectivos da acción do goberno no ámbito da mocidade serán:

- Crear as condicións para que haxa unha mocidade en Galiza con emprego e con futuro.
- Procurar a inserción laboral da mocidade nos sectores económicos de Galiza en función das súa formación e capacidades.
- Garantir o acceso da mocidade a unha vivenda digna.
- Impulsar alternativas no eido do lecer e tempo libre e desenvolver políticas de información e asesoramento en materia afectivo-sexual.

As medidas de goberno en materia de mocidade serán as seguintes:

- A aprobación e o desenvolvemento dun Plan Plurianual de Emprego Xuvenil, que conceda preferencia á inserción laboral nos sectores básicos da nosa economía, coa finalidade de propiciar o rexuvenecemento laboral nestes sectores e ao tempo, garantir unha Galiza viva e equilibrada territorialmente. Potenciarase o emprendemento a través de empresas de economía social e naquelas cuxo capital social sexa detentado maioritariamente por moz@s traballador@s. Alén diso, potenciarase a realización dun



programa personalizado de inserción, cun itinerario de formación cando fora preciso.

- Incorporación ao sistema galego da I+D+i de nov@s investigador@s e tecnólog@s e procurar o retorno das persoas que emigraron por falta de oportunidades en Galiza.
- Potenciación dos “novos xacementos de emprego” en sectores de actividade que prioritariamente creen emprego na mocidade (servizos sociais, escolas infantís, servizos ambientais, melloras no contorno urbano, xestión de parques e reservas naturais, servizos culturais e lingüísticos etc).
- Mantemento das axudas para a vivenda do estudantado que se desprace a outras comarcas para cursar os estudos secundarios.
- Impulso á formación en restauración e rehabilitación das vivendas para mellorar a capacitación e a inserción laboral d@s mozas desempregadas procedentes do sector da construción.
- Optimización das infraestruturas públicas de lecer e mocidade, apostando pola utilización de instalacións educativas, deportivas, culturais, ampliando os horarios e favorecendo a realización de todo tipo de actividades para a mocidade.
- Apoio á creatividade da mocidade, conformadora tamén da cultura galega contemporánea e futura, potenciando a expresión cultural da mocidade nos diversos eidos.
- Promoción do uso formativo do ocio e o tempo libre, de xeito que o lecer sexa a ocasión para a proxección das capacidades e os talentos xuvenís. Para iso impulsárase o ofrecemento de actividades de interese para o colectivo xuvenil alternativas ás existentes.
- Diversificación do gozo do lecer nocturno, promovendo actividades que estean fóra dos circuitos comerciais habituais, con carácter complementario e non substitutivo.
- Recuperación do servizo de transporte nocturno para mocidade (Noitebús), creando unha oferta estábel durante todo o ano, recuperando as liñas e potenciando a inclusión deste servizo no marco do desenvolvemento de transporte metropolitano.
- Recuperación da Rede Galega de Locais de Ensaio.
- Posta en marcha, nos medios públicos de comunicación, de espazos informativos, formativos e de entretemento en que a mocidade poida ser destinataria e protagonista.
- Garantía, a través da rede pública, o dereito da mocidade a acceder de xeito gratuíto a un sistema de información e asesoramento en materia afectivo-sexual, rigorosa, científica e confidencial.

5. Asegurar o acceso á vivenda

O Goberno de Feijoo tamén se afanou en materia de vivenda máis en desmontar que en desenvolver unha política para garantir o acceso á vivenda. Os continuos recortes orzamentarios ao longo de 3 anos provocaron un descenso de 283 millóns de euros nas políticas de vivenda. Coa derogación da Lei de vivenda de 2008 pretendeu desterrar calquera tentativa de implantar unha política de intervención no mercado da vivenda a prol de remexer os actuais condicionantes que impiden un acceso igualitario á vivenda, sobre todo da xente máis nova e das persoas con menos recursos económicos. Así, a nova lei promovida polo PP en 2012 consolidou a vella política de respectar o goberno das grandes promotoras e empresas inmobiliarias, ao ter como obxectivo fundamental favorecer a saída do stock inmobiliario de promotoras e bancos sen abaratar o prezo da vivenda, mantendo uns exiguos estímulos para construír vivenda pública de xeito residual, ao tempo que se eliminaron as previsións de que os planeamentos urbanísticos contasen coas dotacións suficientes para materializar unha política de vivenda pública por parte das administracións públicas. Por outra banda, o estoupido da burbulla inmobiliaria está a ser desaproveitado desde o Goberno, tanto galego como estatal, para emprender unha política que garanta o acceso á vivenda. A existencia de vivendas baleiras, nunha boa parte titularidade de entidades financeiras que están a recibir axudas públicas en contías desorbitadas, no canto dun problema debería converterse na oportunidade para mobilizar ese parque dun xeito prioritario, quer a través do aluguer quer a través do acceso en propiedade, a prol dos colectivos que máis dificultades teñen para accederen á vivenda. Por iso, neste momento, o BNG, alén de recuperarmos políticas de fomento do acceso á vivenda a través de incentivos á promoción de vivendas nos diversos réximes de protección, traballará sobre



todo para desfacer a contradición de manter un importante parque de vivendas baleiras titularidade de bancos que á vez reciben fondos públicos, de xeito que sexa prioritario destinar o seu uso en beneficio de políticas de vivenda social que favorezan ás persoas que atravesan dificultades económicas. As medidas que emprenderá o BNG a prol dunha política social de vivenda serán:

- Demandar a participación de Galiza na “Sociedade de Activos procedentes da reestruturación bancaria”, asumindo desde os órganos competentes en materia de vivenda a xestión e administración daqueles activos consistentes en vivendas ou solo urbanizábel para constituír unha bolsa de vivenda pública en Galiza que permita a posta a disposición de persoas e colectivos máis desfavorecidos, dun xeito especial para a mocidade.
- Impulsar a rehabilitación de vivendas e espazos degradados de vilas e cidades como fórmula de acceso á vivenda, evitando a proliferación de polígonos de vivenda protexida onde hai vivendas desocupadas.
- Desenvolver unha política de fomento da conservación de vivendas no medio rural que sirva para potenciar o acceso a vivendas dignas nos concellos de menor poboación e contribuír a fixar poboación.
- Implementar medidas fiscais que desincentiven o mantemento de vivendas baleiras.
- Retomar a reserva dun 40 por 100 de solo para vivenda protexida nos plans de ordenación municipal dos concellos de máis de 20.000 habitantes onde houber demanda de vivenda.
- Crear o Fondo Social da Vivenda como instrumento financeiro público ao servizo da desenvolvemento de políticas de vivenda, e que terá como principais beneficiarios os colectivos con maiores dificultades no seu acceso.
- Reivindicar unha reforma da lexislación hipotecaria para admitir a dación en pagamento como liquidación total da débeda hipotecaria, así como para introducir a posibilidade de oposición de persoas debedoras que atravesen dificultades económicas cando o obxecto de embargo for a vivenda destinada a residencia habitual.
- Esixir a entidades financeiras e inmobiliarias que para o acceso a axudas e incentivos públicos en materia de vivenda en Galiza acepten a dación en pagamento con liquidación das débedas hipotecarias.
- Estabelecer unha liña de avais que cubran os impagos temporais das cotas derivadas dos préstamos subscritos polas persoas adquirentes de vivendas protexidas, así como as promovidas ou rehabilitadas para uso propio ou para aluguer.

6. Promoción do deporte

O obxectivo do BNG será desenvolver un modelo deportivo galego, que teña en conta tanto a súa vertente educativa, de promoción do deporte base e da actividade física saudábel, como o ámbito competitivo, impulsando a actividade profesional deportiva de alto nivel en Galiza. En definitiva, apostamos por asentar a práctica deportiva para a mellora da saúde en xeral e do nivel competitivo, a través das seguintes medidas:

- Demandar a participación das seleccións deportivas galegas en competicións internacionais e a representación das federacións deportivas galegas nos organismos deportivos internacionais de xeito directo.
- Reclamar que as federacións galegas de cada modalidade deportiva sexan as últimas instancias organizativas de cada un dos deportes en Galiza, así como asegurar o seu funcionamento democrático e a racionalización das súas funcións na formación deportiva e no apoio aos novos deportistas.
- Acometer o traspaso a Galiza da xestión dos fondos públicos e as subvencións en materia de fomento deportivo e infraestrutura deportiva destinados a Galiza, transferindo directamente os fondos do Consello Superior de Deportes, co fin de garantir unha maior eficacia e equidade na súa distribución.
- Avanzar cara a un mapa descentralizado de centros de alto rendemento deportivo, que permita dotar o noso país de instalacións de tecnificación deportiva avanzada e evite, deste xeito, a emigración de deportistas.
- Fomentar a creación e o fortalecemento de clubs deportivos galegos profesionais de referencia en mo-



dalidades deportivas que contan cunha gran base practicante, que sirvan de estímulo e espello a nen@s que se inician na práctica deportiva.

- Implantar un plan coordinado de instalacións e infraestruturas deportivas públicas, que teña sobre todo en conta a demanda real da actividade deportiva.
- Impulsar a colaboración cos concellos para implantar un modelo que vertebre as actuacións conxuntas en materia deportiva, superando en todo o caso a intermediación provincial, acometendo ademais o traspaso de todas as competencias deportivas (o que implica o traspaso de funcións e servizos) das deputacións provinciais á administración galega.
- Realizar unha planificación de eventos deportivos na Galiza, coordinando as distintas administracións deportivas, así como promover a participación de deportistas galeg@s en eventos internacionais, especialmente no ámbito portugués e iberoamericano.
- Impulsar a igualdade na actividade deportiva, facendo un especial esforzo na incorporación das mulleres á competición deportiva e ao apoio público e visibilización das deportistas profesionais femininas.
- Recuperar e fomentar os deportes e xogos tradicionais de Galiza, potenciando as federacións, clubs e competicións nacionais, para alén da súa proxección internacional, asegurando asemade unha difusión acaída a través dos medios públicos de comunicación social.
- Potenciar a actividade turística ligada ao deporte, particularmente, os practicados no medio natural (náuticos, de montaña, no rural).
- Facilitar o patrocinio e mecenado da actividade deportiva por parte de empresas galegas.



IV. CON PODER PARA DEFENDER O NOSO

A defensa da nosa identidade lingüística e cultural e o incremento da nosa capacidade de decisión son ferramentas imprescindíbeis para construír a Galiza que queremos. Soberanía para transformar o país e identidade para implicar nesa empresa ao conxunto da cidadanía.

1. O compromiso activo coa normalización da nosa lingua e cultura nacionais

Para o BNG a defensa e reivindicación da lingua galega como dereito irrenunciábel (individual e colectivo) do pobo galego, así como factor de cohesión social imprescindible e sinal de identidade debe de ser unha constante na acción do goberno galego.

Todos os poderes públicos deben protexer e dignificar a lingua galega procurando o obxectivo de normalizaren o seu uso en todos os ámbitos e de garantiren o dereito a vivir en galego. Unha Galiza onde o galego sexa normal será unha Galiza máis digna, unha sociedade con maior cohesión e disposta a camiñar cun proxecto de transformación social, con raíces na nosa historia e instalado no espírito da Declaración Universal de Dereitos humanos.

Cómpre, pois, desmontar as políticas antigalegas do goberno do PP, dirixidas a excluír o galego do espazo público – educativo, administrativo, xudicial, mediático, audiovisual, mercantil, etc. –, a discriminar as persoas galegofalantes e a quebrar a transmisión da lingua ás novas xeracións e iniciar un novo camiño que impulse definitivamente o proceso de normalización da nosa lingua.

O BNG velará polo cumprimento do que establece a lexislación vixente no tocante ao uso público, tanto oral como escrito, da lingua galega no desempeño da súa responsabilidade por parte dos altos cargos e responsábeis de organismos e entes autonómicos, sociedades públicas e institucións análogas, co uso da toponimia oficial galega por parte de todas as administracións públicas e entidades privadas e coa realización en galego de todas as campañas institucionais e de publicidade promovidas polo goberno galego ou os organismo que del dependeren, ao igual que todas as publicacións, comunicacións e documentos oficiais que teñan efecto en territorio galego.

Para alén destas cuestións legais, a normalización da lingua galega será un compromiso de todo o goberno con accións que se concretarán nas seguintes medidas:

- Derrogación urxente do Decreto 79/2010, e a elaboración dunha nova norma que cumpra a promoción do “uso progresivo do galego no ensino” que establece o artigo 13 da Lei 3/1983 e o Plan xeral de normalización da lingua galega.
- Impulso decidido á política lingüística que se deseña, convertendo a Secretaría Xeral de Política Lingüística, no axente encargado de dinamizar a normalización do idioma tanto no propio Goberno galego como na sociedade.
- Creación dunha rede verdadeiramente estruturada e coordinada de servizos de normalización lingüística de carácter territorial, participada por entidades encargadas da coordinación das actuacións nesa materia, adecuándoas aos diferentes contextos sociolingüísticos. O Goberno galego coordinará co resto das administracións, nomeadamente coas institucións municipais, os procesos específicos de normalización lingüística.
- Fomento da presenza do galego nas novas tecnoloxías, así como a investigación e difusión de medios técnicos que favorezan o desenvolvemento do galego no eido da información e da comunicación.
- Deseño de estratexias para evitarmos a ruptura interxeracional no uso do noso idioma e desenvolvermos campañas que teñan en conta os diferentes contextos e prácticas sociolingüísticas existentes na realidade social galega.



- Introducción crecente da nosa lingua nos dominios do audiovisual, cinema e todos cantos soportes de comunicación puideren ir aparecendo.
- Impulso á creación e consolidación dunha industria da lingua propia que permita a plena e rápida incorporación do galego ao novo mundo que están creando os adiantos tecnolóxicos.
- Garantía de os medios de comunicación públicos galegos cumpriren coa obriga legal de usaren o galego na totalidade da súa programación e prescribindo o seu uso na publicidade. Asemade, promoción da presenza do galego nos medios privados a través de medidas de fomento ou do establecemento de cotas mínimas de uso.
- Garantía da atención oral e escrita en galego, tanto na documentación informativa e contractual por parte das entidades financeiras que operan en Galiza (servizos en liña, banca electrónica, caixeiros automáticos e na atención ao público, presencial e telefónica).
- Impulso á introdución do galego no sector audiovisual.
- Fomento da extensión da nosa lingua nas relacións laborais, comerciais e empresariais.
- Posta en marcha dun plano específico orientado á galeguización de festas e romarías, con medidas orientadas a concellos e comisións de festas, orquestras, grupos musicais e bandas de música e soportes publicitarios.
- Promoción das medidas necesarias para que o galego sexa a lingua normal da administración de Xustiza, esixindo o coñecemento obrigatorio e contrastado e o uso do galego por parte do funcionariado e impedindo a discriminación lingüística nas actuacións xudiciais. Defenderase a modificación da LOPX co fin de que maxistrad@s e xuízas e xuíces teñan o deber de coñeceren o galego para desenvolveren a súa función en Galiza.
- Establecemento de accións para introducir o galego como lingua normal de traballo nas notarías, erradicando demoras e outras eivas asociadas aínda na actualidade ao uso do noso idioma.
- Mantemento dunha política activa de intercambio e promoción de produción cultural entre Galiza, Portugal e o resto dos países de expresión galego-portuguesa, na procura da normalización e internacionalización da cultura expresada no noso idioma.
- Promoción da normalización do noso idioma, dentro do actual marco legal, a través da subscripción de convenios coas administracións competentes na Seabra, no Bierzo, e na comarca do Eo e do Navia, así como no caso dos concellos do Val de Ellas (Estremadura).

2. O compromiso coa nosa cultura

Para o BNG a cultura é unha ferramenta esencial para a cohesión e a transformación social e o fortalecemento da consciencia e a identidade nacional. O BNG acredita nunha cultura galega viva, con intención formadora no persoal e transformadora no social, que estimule a participación cidadá, apoie a creación artística, visibilice a nosa produción cultural e actúe como elemento de dinamización e vertebración territorial, social e económica do noso país.

Así mesmo, entendemos a cultura galega como unha cultura dinámica e aberta, que dialoga en igualdade co resto de culturas do planeta, que quere seguir achegando a súa identidade e creatividade ás demais e que ten, para iso, que participar plenamente das redes e dos circuítos culturais internacionais. A promoción da identidade galega e a defensa da diversidade cultural son, neste sentido, dúas caras da mesma moeda, que deben ser desenvolvidas conxuntamente.

O modelo cultural que o BNG defende é un modelo integral e estratéxico, capaz de debuxar o horizonte futuro ao que queremos chegar tendo en conta todos os planos en que a cultura se manifesta hoxe en día: o da creación, promovendo a formación, a investigación e a excelencia artística; o das industrias culturais, apoiando a existencia dun tecido empresarial galego que sustente con profesionalidade, saber facer e independencia o talento artístico existente; o patrimonial, con políticas que favorezan a conservación e o aproveitamento sustentábel e responsábel do noso patrimonio e o poñan en relación coas dinámicas creativas actuais; e o sociocultural, promovendo a implicación activa da cidadanía e a implantación



comunitaria das políticas e dos proxectos, a través da cooperación dos diferentes axentes culturais -asociativos, públicos e privados- existentes no territorio.

Para o conseguir, o BNG aposta polos seguintes eixos da acción de goberno no tocante á nosa cultura nacional:

- A construción dun espazo galego de comunicación e cultura, que difunda e sexa referente cara á cidadanía a cultura de noso como unha cultura viva, dinámica e nacional.
- O apoio á creación e @s creador@s, a través de políticas que promovan a calidade da formación artística, a innovación nos procesos de traballo e a visibilidade social das creacións.
- A implantación sociocomunitaria das políticas culturais, co obxectivo de avanzar nunha sociedade máis culta, dinámica, participativa e crítica.
- A posta en valor do patrimonio cultural desde criterios de transversalidade institucional, promoción da propia identidade e sustentabilidade e aproveitamento social e económico.
- O apoio especializado aos nosos sectores culturais, de cara a unha maior profesionalización, fortalecemento económico e difusión social, como mellor xeito de garantirmos a nosa capacidade para producir discurso cultural desde nós mesm@s.
- O reforzo dos organismos públicos de produción e difusión cultural (Centro Dramático Galego, Centro Coreográfico de Galiza, Centro Galego de Arte Contemporánea), así como a orientación de AGADIC cara á promoción das empresas culturais galegas e a difusión da nosa produción cultural.
- A elaboración de políticas estratéxicas e consensuadas cos sectores culturais non profesionais: corais, bandas de música, teatro amador, agrupacións de música e danza tradicional. Elaboración de plans directores para cada un dos ámbitos, absolutamente centrais –cualitativa e cuantitativamente– no desenvolvemento cultural do noso país.
- O impulso á presenza de propostas culturais galegas nas programacións das festas populares, a través da súa vinculación ao apoio económico público concedido.
- A unificación nun único organismo das competencias en materia de audiovisual a fin de adoptar unha estratexia planificada e coordinada que asegure un apoio estábel e duradeiro a este sector.
- O acordo cos medios públicos de comunicación social para a divulgación da nosa lingua, cultura, historia, patrimonio e medio natural na televisión e na radio pública de Galiza, en horarios de máxima audiencia, incluíndo contidos dirixidos ao público infantil e xuvenil.
- O apoio ao desenvolvemento de eventos e festas de carácter histórico como elemento útil para a divulgación e a posta en valor do patrimonio local, en base a un criterio de rigorosidade histórica na programación de contidos e de participación veciñal na fórmula organizativa.
- A revisión da natureza e funcións do Consello da Cultura Galega en relación ás necesidades presentes e futuras da nosa cultura e dos nosos axentes culturais. Impulso e definición do Observatorio da Cultura Galega.
- A adopción das medidas necesarias para evitarmos que as coleccións de arte que tiñan as extintas caixas de aforro galegas poidan ser vendidas. Con esta finalidade, promoverase que este patrimonio artístico sexa depositado, cedido ou adquirido para o patrimonio público galego e facilitarase a súa exhibición de cara ao conxunto da cidadanía.
- A recuperación da titularidade pública do Panteón de Galegos Ilustres, preservando o seu uso civil e laico. Así mesmo, regularase por lei os seus usos e xestión, declarándoo como un panteón histórico, símbolo nacional de Galiza, no que, en virtude desta consideración, non se realizarán novos enterramentos.
- Unha Política integral de cooperación cos concellos, a través dun programa unificado de axudas, programacións, formación de técnicos culturais e recursos para a xestión, así como do apoio específico á rede de bibliotecas que permitan manter un nivel axeitado de actividade cultural ao redor das bibliotecas, como espazos de acceso á información, á formación permanente, á participación, ao debate social e ao lecer.
- A posta en valor da nosa literatura en relación ao territorio, a través da posta en marcha do proxecto Vilas da Cultura, da Creación dunha rede estábel coas casas de escritor@s galeg@s e da difusión de roteiros da Galiza literaria.



- O impulso e a colaboración na vertebración do asociacionismo cultural. Deseño e desenvolvemento dun programa de apoio integral mediante un sistema de axudas (actividades, equipamentos), programacións e accións formativas, potenciando a súa autoxestión e promovendo a súa independencia financeira.
- A elaboración dunha lei galega de recuperación da memoria histórica e de recoñecemento das vítimas e das persoas represaliadas polo franquismo. Institucionalización do Día da Galiza Mártir, celebración anual do Día da Memoria na Illa de San Simón e recuperación do Pazo de Meirás para o uso público. Retirada da simboloxía franquista.
- A paralización definitiva dos edificios pendentes da Cidade da Cultura. Desenvolvemento do proxecto cultural e de usos da Cidade da Cultura, que defina contidos que lle dean sentido e utilidade para a cultura galega, sobre a base dos seguintes eixos: a documentación, a Biblioteca e Arquivo Nacional de Galiza; a investigación e difusión da nosa historia, co Museo Nacional de Galiza; e a creación artística visual e plástica, coa Pinacoteca Nacional de Galiza. Realización dun plan de viabilidade económico- financeira da Cidade da Cultura que estableza as bases e os criterios que supoñan un axuste dos custos ordinarios e de funcionamento.
- A elaboración de planos directores territoriais do Patrimonio Cultural que estuden e desenvolvan estratexias culturais e económicas transversais de protección e posta en valor do patrimonio cultural.
- A posta en marcha dun Plan de intervención a longo prazo do patrimonio eclesiástico, sexa inmóbel, móbel ou documental.
- A declaración da obra de Castelao como ben de interese cultural, concedéndolle a máxima protección.
- O traspaso a Galiza da titularidade dos Museos e Arquivos de titularidade estatal e aqueles conxuntos ou elementos monumentais que pertencen a distintos organismos da Administración central do Estado.
- A dixitalización e o traslado ao Arquivo Nacional, da Cidade da Cultura de Galiza, dos fondos documentais galegos depositados nos arquivos estatais e de interese para Galiza.
- A transferencia do Instituto Padre Sarmiento, dependente do Consello Superior de Investigacións Científicas, dada a súa condición fundacional de institución galega, herdeira en boa medida do Seminario de Estudos Galegos e promover a recuperación para usos socioculturais dos edificios militares existentes en Galiza en desuso ou infrutilizados polo Ministerio de Defensa, reclamando o traslado ao Arquivo da Rexión Militar do Noroeste con sede en Ferrol da documentación depositada no Arquivo Xeral da Mariña Española e no Servizo Histórico da Armada que fora enviada desde os Arquivos militares situados en Galiza.

3. A construción dunha administración máis racional e adaptada ás necesidades do país

A austeridade no gasto público está a ser empregada como pretexto para abordar recortes en dereitos e conquistas sociais, no canto de ser dirixida á redución da burocracia administrativa ordinaria e á racionalización e eliminación de duplicidades no aparato burocrático administrativo. Recórtase en sanidade, educación ou dependencia en tanto se manteñen, ou mesmo reforzan, estruturas como as Deputacións Provinciais ou a administración periférica do Estado.

Para o BNG a racionalidade que debe rexer sempre na xestión dos fondos públicos ten que ser selectiva en canto aos gastos obxecto de redución, de xeito que se poida aforrar no superfluo e fuxir da dilapidación do diñeiro público, mais ao tempo garantindo os gastos necesarios en políticas sociais e actividades que xeren emprego. Para iso, o BNG defenderá un modelo racional, efectivo e acaído á propia configuración do país.

Por iso, debe afondarse nunha verdadeira reforma administrativa que elimine o innecesario, mais manteña con garantías e financiamento os servizos públicos sociais básicos. Así, o BNG defenderá e promoverá:



- A supresión das delegacións e subdelegacións do Goberno Central, e a transferencia a Galiza dos servizos da administración periférica non asociados a competencias exclusivas do Estado.
- Un novo modelo de administración local, apostando pola supresión das deputacións provinciais en beneficio dos concellos e da Xunta de Galiza, que asumirían as súas competencias.
- O impulso á comarcalización administrativa de Galiza -entendida como proceso en que as comarcas se configuran como suxeitos de vertebración territorial con personalidade xurídica propia e cunha finalidade primordial de cooperación, coordinación e prestación conxunta de servizos entre concellos-, dotando de contido e personalidade xurídica, así mesmo, ás parroquias, como enclaves xenuíños e tradicionais.
- A dotación, de forma parella á supresión das institucións provinciais, de maior financiamento e recursos económicos aos concellos, como institucións máis próximas aos cidadáns e auténticos entes representantes do interese local.
- Un novo modelo de xestión orzamentaria e tributaria, coa creación dunha Axencia Tributaria en Galiza que recade e xestione os tributos propios e estatais, co obxectivo de mellorar a transparencia, eficacia e unha redución da estrutura burocrática sen mingua da súa proximidade á cidadanía.
- O impulso da administración electrónica: revisión dos procedementos administrativos, facendo efectiva a tramitación electrónica como vía ordinaria, a extensión dos portais e sedes electrónicas das Administracións e entidades públicas; así como intensificar as accións tendentes á redución nos prazos de resolución dos expedientes administrativos.
- A supresión progresiva dos concertos estabelecidos coas empresas privadas, nomeadamente no ensino, nos servizos sociais e na sanidade, e a absorción e prestación destes servizos directamente pola administración correspondente. O BNG impulsará a revisión das Leis que facilitan ou promoven este modelo.
- A mellora, o reforzo e a ampliación dos servizos públicos precisos para facer fronte ás necesidades sociais do conxunto da sociedade asegurando uns niveis de prestación garantidos para toda a cidadanía, creando emprego e transformando o temporal en estábel.
- A potencialidade do sector público galego na creación de emprego directo e indirecto, neste momento en que a capacidade do sector privado se ve limitada pola dificultade de acceso ao crédito. Para estes efectos é necesario eliminar a chamada "taxa de reposición de efectivos" que impide totalmente o incremento de prazas nos cadros de persoal das administracións e servizos públicos. Nomeadamente, os servizos sociais en conxunto e, particularmente, a atención de persoas dependentes constitúen sectores nos que o emprego público debe ser potenciado especialmente.
- A recuperación do poder adquisitivo perdido pol@s empregad@s públic@s como consecuencia dos recortes económicos sufridos. Para estes efectos, activarase o diálogo e a negociación coa organización sindicais representativas no sector público galego.
- A supresión de todas as fundacións constituídas para xestionar empresas, institucións ou órganos públicos, integrándoas na administración correspondente. Absorción paulatina dos servizos privatizados.
- A adecuación da planta xudicial á vertebración territorial de Galiza, de forma que sexa máis racional, eficiente e próxima á cidadanía.

4. A defensa dunha Europa dos pobos, democrática e social onde Galiza poida ter presenza directa

Asistimos na actualidade á visualización máis nidia dun proceso de construción e integración europea xerarquizada e co dominio patente do Estado alemán, ou en todo caso do eixo franco-alemán, cun desenh que nega as nacións sen Estado e é contrario a unha "Europa dos Pobos", e que responde á política do capital transnacional, que actúa como un poder supraestatal ditando unha política económica antisocial e contraria ao desenvolvemento autocentrado das nacións sen Estado, o que ten ocasionado moi graves consecuencias para a base material e produtiva da nosa economía.

O BNG, radicalmente oposto ao funcionamento e natureza da actual UE, defende outro modelo baseado nos seguintes criterios:



- Unha UE como confederación autenticamente democrática no canto de simplemente intergubernamental estatal, na cal os papeis centrais correspondan a un Parlamento e a unha Cámara das Nacións con dereito a veto.
- Unha UE que recoñeza plenamente a súa realidade plurinacional, pluricultural e plurilingüe, admitindo o dereito de autodeterminación das nacións sen Estado como suxeitos esenciais de dereitos e deberes.
- O establecemento de Galiza como circunscrición electoral.
- A presenza directa de Galiza en todas as institucións da UE, así como a participación na elaboración das políticas vinculantes que afectaren as súas competencias.
- O recoñecemento do galego como lingua oficial da UE.
- Unha UE social fundada na harmonización dos dereitos sociais e laborais, coa garantía e afianzamento do dereito a un traballo digno e de calidade, a redución do tempo de traballo; a defensa duns servizos públicos de calidade; dotada dun tamaño orzamentario que permita promover unha política de redistribución económica, social e territorial inherente a todo espazo político-social verdadeiramente tal, fundada nunha fiscalidade suficiente baseada no principio de progresividade, que contemple a imposición sobre o control dos capitais especulativos, sobre as grandes fortunas e sobre a utilización de enerxías non renovábeis.
- A anulación do Pacto de Estabilidade.
- O control democrático sobre o BCE e as políticas monetarias.
- A xestión directa por Galiza de todos os fondos que lle corresponderen calquera que for o seu tipo, de acordo cos criterios establecidos, en especial os fondos estruturais e os dedicados as políticas agraria e pesqueira e á investigación e innovación.
- Unha UE como espazo común de liberdade, seguranza, benestar social e xustiza que promova un desenvolvemento sustentábel na procura de satisfacer as necesidades da súa cidadanía e dos seus pobos, respectuosa co medio ambiente, e que asegure a cohesión económica, social e territorial dos seus Estados e nacións integrantes como unha prioridade política esencial. Unha UE que combata todo tipo de discriminación coa súa cidadanía e cos pobos que a integran, que promova a igualdade entre homes e mulleres e que defenda activamente as liberdades sexuais, a equiparación de dereitos e a plena autonomía de todos os seres humanos.

5. Unha política exterior e de cooperación solidaria e de defensa da paz e dos dereitos humanos

O BNG, como forza nacionalista, non avala o deseño militarista impulsado pola OTAN, a instancias dos intereses das grandes potencias occidentais, nin apoiou ningunha das agresións militares nas que participou e participan aínda as Forzas Armadas do Estado español (Iraq, Afganistán, Libia).

Os distintos gobernos do Estado Español sempre mantiveron una liña servil con esa política militarista, e aínda hoxe manteñen a colaboración coa ocupación ilegal de Afganistán, e participaron activamente na agresión a Libia, alén de mostrar una pasividade inxustificábel perante as agresións sistemáticas de Marrocos ao pobo saharauí, ou a ocupación e agresións ilexítimas ao pobo Palestino por parte de Israel.

Esta actitude está a afondar no descrédito dos organismos internacionais, como a ONU, pola manipulación e intimidación ao que os someten os EEUU, coa colaboración doutros estados, entres eles tamén o español. Así, o BNG mantén o seu compromiso para contribuír a que a política internacional no Estado español se oriente á paz, á convivencia entre nacións, desde a defensa da libre determinación dos pobos, o seu dereito a controlar as súas riquezas, nun marco de legalidade baseado na igualdade, na xustiza e no respecto aos dereitos humanos, non na actuación unilateral, prepotente e agresiva dunha grande potencia, avogando en concreto por:

- A democratización da ONU, como sociedade de nacións orientada á cooperación entre pobos co obxectivo de instaurar unha orde internacional xusta, instando a que o Estado español deixe de colaborar co



deseño agresivo e militarista dos EEUU.

- A retirada das tropas do Estado español en misións exteriores que comportan a ocupación ou agresión militar.
- Unha actuación proclive a respectar os dereitos das maiorías dos pobos a dirixir o seu futuro, sen interferencias das potencias estranxeiras, e con respecto das minorías.

Así mesmo, o BNG defenderá o aumento progresivo do financiamento destinado ás actuacións de cooperación internacional ao desenvolvemento, co obxectivo de chegar ao 0,7 por 100, de xeito que fornezan de coñecementos, investimentos e auxilio urxente os pobos máis desfavorecidos; e asemade promoverá a difusión e a sensibilización sobre o comercio xusto e consumo responsábel e deseñará políticas coherentes cos principios da cooperación ao desenvolvemento comprometidos no Pacto Galego contra a Pobreza.



V. RESTAURAR A DEMOCRACIA E AVANZAR NAS LIBERDADES

A regresión social producida polas políticas da dereita vai de man dada coa degradación da vida política, co recorte de dereitos e liberdades cidadáns e coa negación de valores e regras de actuación dos poderes públicos que, como a laicidade, son consubstanciais a un sistema democrático avanzado.

E non é por acaso que uns e outros fenómenos coincidan. A crise da política, como espazo democrático de decisión e de priorización das necesidades da cidadanía, é consecuencia necesaria das políticas que producen e agravan a crise, das políticas practicadas en Galiza polo goberno do PP. Dun lado, porque o carácter antisocial destas políticas, contrarias aos intereses da inmensa maioría da poboación, fainas de cada vez máis incompatíbeis coa democracia, aínda coa representativa: a redución da cantidade e da calidade da democracia implica maiores doses de autoritarismo en forma de recorte de dereitos, perda de garantías e xestión exclusivamente penal e represiva da contestación contra os recortes en que estas políticas se concretan. Do outro, porque nunha política posta ao servizo das grandes corporacións empresariais e financeiras produce inevitabelmente corrupción, entendida como supeditación dos recursos e potestades públicas aos intereses privados. Abonda asistirmos ao escándalo da liquidación das caixas, das indemnizacións millonarias dos seus directivos e da fraude, politicamente orquestrada, das preferentes e das subordinadas, casos todos eles – e non os únicos – en que recursos e poderes públicos se supeditan aos intereses particulares de certas empresas, de certos grupos e de certas persoas próximas ao PP.

Romper coas políticas da crise implica, pois, superar a crise da política. Restaurar e mellorar a democracia, alargar o catálogo de dereitos e liberdades e mellorar os seus mecanismos de protección e garantía, recuperar a independencia dos poderes públicos fronte as empresas, as confesións relixiosas e os intereses particulares son vías para restabelecer a confianza cidadá perdida na política, para recuperala como o que nunca debeu deixar de ser: como instrumento positivo de transformación social guiada pola decisión e os intereses das maiorías.

1. Recuperar a democracia

- Un sistema electoral limpo, xusto e fiábel. Promoveremos unha reforma da lexislación electoral co fin de establecer un sistema proporcional directo, rebaixando ao 3% a barreira para acceder ao Parlamento galego e facendo que Galiza sexa unha única circunscrición para as eleccións galegas e estatais e conte cunha circunscrición propia para as eleccións europeas. Garantiremos así que a pluralidade social e política do país este a representada no Parlamento, que todos os votos vallan igual e que o noso país teña voz de seu en Europa.
- Para alén diso, impulsaremos unha modificación específica da lei electoral de Galiza para aumentar a calidade, a igualdade e a transparencia das campañas electorais co establecemento obrigatorio de debates públicos durante as campañas electorais nos medios públicos de comunicación, asegurando a presenza das forzas representativas do Parlamento galego; a garantía de acceso en períodos electorais de todas as forzas políticas representativas aos espazos informativos dos medios de comunicación social, de xeito que se respecte a pluralidade política; e un novo modelo de campañas electorais, que diminúa a propaganda electoral subvencionada, e incrementa o financiamento directo, a través do acceso garantido aos medios públicos de comunicación, a realización de debates, e o fomento do contraste público das alternativas programáticas en todo tipo de foros.
- Regulación das consultas populares co fin de asegurar que as decisións políticas relevantes en materia de orzamentos, xestión de servizos e recursos públicos, organización territorial, dereitos e liberdades, sexan tomadas directamente pola cidadanía.



- Reformaremos o funcionamento do Parlamento para limitar o recurso a procedementos excepcionais que, como a declaración de urxencia e a lectura única, impiden o debate e converten a cámara nun simple apéndice do executivo. Recoñeceremos o dereito das minorías a lograren a constitución de comisións de investigación e a comparecencia de membros do goberno. E articularemos, alén da iniciativa lexislativa popular, vías efectivas de participación cidadá directa nos traballos parlamentares.
- Impulso dunha nova regulación da iniciativa lexislativa popular para alargar o seu ámbito e asegurar a súa efectiva tramitación.
- Derrogación da actual lei sobre os medios públicos audiovisuais de Galiza, promovendo unha nova que asegure o carácter público da CRTVG ao servizo dos seguintes obxectivos: a obxectividade e pluralidade informativas, o reflexo da diversidade política e social do país e a promoción da nosa lingua e cultura nacionais.
- As relacións entre os poderes públicos e os medios de comunicación privados deben estar rexidas pola independencia e a transparencia. As axudas públicas estarán vinculadas ao logro efectivo de obxectivos de interese público, en particular o uso normal do galego, sen discriminaren os novos medios e as publicacións dixitais. Na concesión de frecuencias de radio e televisión promoverase a presenza de entidades de carácter comunitario e reforzaranse as esixencias de produción propia e uso normal do galego.
- Impulsaremos a transparencia efectiva no funcionamento dos poderes públicos e das empresas concesionarias ou que, por calquera título, xestionaren servizos ou infraestruturas de interese xeral. Saber para decidir: o coñecemento en tempo real dos documentos e informacións que obran en poder dos poderes públicos é para nós unha esixencia democrática, un requisito indispensable para a participación e decisión directa da cidadanía, alén de constituír un eficaz remedio contra a corrupción.
- Promoveremos unha revisión da lexislación sobre incompatibilidades co fin de evitar a colusión entre xestión pública e intereses privados e a porta xiratoria entre o exercicio cargos públicos e o emprego en corporacións privadas relacionadas con aqueles.
- Aseguraremos a laicidade entendida como a separación entre política e relixión e a neutralidade dos poderes públicos fronte a todas as confesións ou conviccións filosóficas ou relixiosas.

2. Avance nos dereitos e liberdades cidadás

- Promoveremos a revisión da lexislación restritiva dos dereitos e liberdades cidadás e, coa posta en funcionamento dunha policía galega, impulsaremos unha nova política de seguranza pública baseada na proximidade, a prevención e o respecto aos dereitos humanos.
- Garantiremos o acceso de todas ás persoas á xustiza e ao asesoramento xurídico dignificando a queda de oficio.
- Reclamaremos a transferencia a Galiza das competencias en materia penitenciaria, co fin de humanizar os cárceres, asegurar a resocialización e promover vías alternativas á privación de liberdade. Integraremos a sanidade penitenciaria no servizo público de saúde.
- Impulsaremos unha lei galega que asegure a igualdade nas relacións familiares.
- Avanzaremos na igualdade real para todas as persoas e o respecto polas diferentes opcións sexuais: desenvolvemento de campañas que desmonten os prexuízos sociais a respecto da homosexualidade, potenciación de asesoramento xurídico gratuíto para casos de discriminación por razón de opción sexual, emprendemento de políticas activas contra a discriminación no emprego a causa da orientación sexual, reforzo no ámbito da educación afectivo sexual a inclusión de contidos que contribúan a desmontar os prexuízos existentes sobre a homosexualidade, transexualidade e bisexualidade.
- Estabeleceremos atención específica para atender as persoas vítimas de incompreensión ou discriminación social, laboral ou de calquera ámbito
- Reforzaremos a tutela de persoas consumidoras e utentes, nomeadamente no ámbito da comercialización de produtos financeiros.



www.bng-galiza.org
facebook.com/bloquenacionalistagalego
twitter.com/obloque